

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 6 de marzo de 2015

ASISTENTES:

NON ASISTE:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día seis de marzo de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(234).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 18, 19 e 20 de xaneiro e ordinaria do 20 de xaneiro de 2015. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(235).- RESOLUCIÓN DE RECURSO CONTRA AXUDA EXTRAORDINARIA A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTRACIÓNS E ALIMENTACIÓN -2014. EXPTE. 98322/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 23.02.15, dáse conta do informe-proposta do asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, coformado pola xefa do servizo e o xefe de Área de Benestar Social e pola concelleira da Área de Política de Benestar, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 30.05.2014 acordou aprobar as Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014», elaborado polo Departamento de Benestar social do Concello de Vigo (Exp. nº 95335/301).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de poñer a disposición das persoas e familias necesitadas uns recursos económicos que lles permitan facer fronte, alomenos parcialmente, ós gastos derivados do uso da súa vivenda habitual, da compra de alimentos e dos subministros básicos do fogar, procurando evitar os desafiuzamentos derivados da falta de pagamento do aluguer ou do crédito hipotecario, as carencias básicas de alimentación e as situacións de «pobreza enerxética», que mesmo poderían imposibilitar o normal uso e goce da vivenda.

I.3. Para estes efectos, nos orzamentos municipais de 2014 consignouse unha partida por importe de 2.000.000 de euros destinada, especificamente, para cubrir este tipo de necesidades sociais básicas (aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética”).

I.4. As Bases do Programa foron publicadas no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS), na web municipal (<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/aviso.jsp?id=328&lang=gae>) e no BOP de Pontevedra nº 114, do 16.06.2014 (corrección de erro: BOP nº 138, do 18.07.2014). O prazo de presentación de solicitudes comezou o 17.06.2014 e rematou o 14.07.2014.

I.5. Durante ese prazo presentáronse no Rexistro xeral municipal un total de 1.971 solicitudes, que foron tramitadas polo órgano instrutor (Departamento de Benestar social), quen comprobou o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa, realizando os requirimentos de documentación preceptivos ó abeiro do Art. 71 da L.30/1992 (LRX-PAC). A seguir, procedeu á súa avaliación individualizada de acordo cos criterios contidos nas Bases e a determinar os importes das axudas a percibir en cada caso.

I.6. Rematada a instrucción do expediente remitiuse á Comisión de valoración, que elaborou unha proposta coa relación de todas as persoas solicitantes que participaron na convocatoria, facendo constar expresamente as axudas concedidas e as denegadas, indicando neste último suposto a causa da denegación (Acta do 30.09.2014).

I.7. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG.....) e na Base 13.4 do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS...», a Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 08.10.2014 acordou, por proposta do instrutor do expediente e previo informe da Comisión de valoración, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO.- Conceder ás 1.253 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo I (que comeza co doc. nº 140075416 e remata co nº 140112807), as axudas económicas que alí se indican, por cumprir cos requisitos establecidos nas Bases do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014». O gasto total (1.799.956,35 €) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02: “Axudas alugueiro vivenda, alimentos e c. Enerxética” (RC - 50821).

SEGUNDO.- Denegar ditas axudas económicas ás 718 persoas solicitantes que se relacionan no Anexo II (que comeza co doc. nº 140075485 e remata co nº 140090851) por incumprir os requisitos das Bases, indicándose en cada caso a causa concreta de denegación.

TERCEIRO.- Publicar este Acordo e os seus Anexos na web municipal, no Taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e nas Unidades de Traballo Social do Departamento de Política de Benestar.

CUARTO.- Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 116 - 117 da Lei 30/92 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)

QUINTO.- Dar conta que con data 1 de outubro de 2014 asinouse solicitude do libramento a xustificarse para o pago das axudas extraordinarias a familias 2014, conformado pola Concelleira Delega de Facenda. A solicitude de libramento foi enviada a intervención o 6 de outubro de 2014».

I.8. Nese Anexo II figura como denegada a solicitude presentada por D.^a Débora Moure Gómez, sendo a causa concreta da denegación a superación do nivel de renda previsto nas Bases (Base sétima), como así se fixo constar.

I.9. Contra aquel Acordo da Xunta de Goberno local a interesada presentou o 28.10.2014 no Rexistro xeral municipal (Doc. nº 140130470) un escrito a modo de RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, co contido que será obxecto de análise neste informe, emitido por solicitude verbal da Xefatura de Área de Política de Benestar.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLEX. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Programa municipal de axudas extraordinarias a familias para gastos de aloxamento, subministros e alimentación – 2014 (Concello de Vigo; XGL 30.05.2014; BOP nº 114, do 16.06.2014).
- Bases de execución do Orzamento xeral do ano 2014 – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. En aplicación dos principios antiformalista e *pro actione* que rexen o procedemento administrativo e de acordo co disposto no Art. 110.2 da LRX-PAC, resulta indiferente para a tramitación e resolución do recurso a cualificación concreta que a persoa recorrente lle asigne ó escrito de impugnación (*reclamación, revisión...*), sempre que do seu contido poida inferirse o verdadeiro carácter de recurso administrativo.

III.2.O recurso potestativo de reposición presentado por D.^a Débora Moure Gómez diríxese contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 08.10.2014, desestimatorio da súa solicitude de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases e convocatoria do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014».

III.3. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interpónse en prazo e forma pola persoa interesada e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 107, 116 e ccdtes. LRX-PAC), solicitando a estimación do recurso e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.4. De acordo co disposto no Art. 117.2 LRX-PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 43.2 LRX-PAC) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dictar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 42.1 LRX-PAC).

III.5. Procede, pois, entrar a coñecer o recurso da Sra. Moure Gómez, que propoñemos ESTIMAR expresamente toda vez que, revisado de novo o seu expediente, comprobouse o erro padecido na aplicación da Táboa 2 (Base décimo cuarta), xa que para unha unidade de convivencia como á da recorrente, de catro (4) membros computables e cuns ingresos xustificadas no mes considerado para os efectos destas axudas (maio de 2014: Base 9.3.f) de 450,25€ correspóndenlle dous (2) puntos.

En consecuencia, revisada e valorada de novo a súa solicitude de acordo coas Bases aprobadas, debe recoñecérselle a D.^a Débora Moure Gómez o dereito a percibir con cargo ó «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014» unha axuda por importe total de 276,30€, resultado de multiplicar o número de puntos que lle corresponden (ingresos: 450,25€; deducción por aloxamento: 0€; 4 membros computables = 2 puntos) polo valor asignado a este (138,15 €), en aplicación do disposto na Base 14^a e ccdtes.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 107-113 e 116-117 da LRX-PAC, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte, ACORDO

PRIMEIRO: Estimar o recurso potestativo de reposición presentado por D.^a Débora Moure Gómez (DNI/NIE/Pasaporte nº 53193532-Y) contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 08.10.2014 polo que se denegou a súa solicitude de concesión dunha axuda económica ó abeiro do «PROGRAMA MUNICIPAL DE AXUDAS EXTRAORDINARIAS A FAMILIAS PARA GASTOS DE ALOXAMENTO, SUBMINISTROS E ALIMENTACIÓN – 2014», recoñecéndolle o dereito a percibir unha axuda en tal concepto por importe total de 276,30€, que se imputará á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.02.

SEGUNDO: Notificar á persoa recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación deste Acordo».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime máis oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(236).- SUBVENCIÓN Á “ASOCIACIÓN FREIJEIRO DE AYUDA AL NECESITADO (AFAN)” PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DAS NECESIDADES BÁSICAS DE PERSOAS E FAMILIAS EN ESTADO DE NECESIDADE. EXPTE. 103408/301.

Dáse conta do informe da técnica do Servizo de Benestar Social, do 2.02.15, conformado pola xefa de dito Servizo, que di o seguinte:

Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de articular un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

A Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo ven traballando desde hai tempo coa “Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado (AFAN)”, entidade colaboradora que presta un servizo inestimable cubrindo, en parte, as carencias da estrutura municipal actual na atención ás necesidades básicas de moitas persoas e familias en situación de precariedade económica. Estímase conveniente a continuación desta colaboración para os exercicios de 2015-2016.

Para tal efecto, no orzamento (prorrogado) da Concellería de Política de Benestar do ano 2015 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 - “Convenio AFAN” (55.000 €). A subvención prevista para o exercicio de 2016 (outros 55.000 €) estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento dese ano.

O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL:

«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;

e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais:

«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa entidade “AFAN” (exercicios de 2015 e 2016) para a atención inmediata das necesidades básicas de persoas e familias en situación de necesidade.

Visto o informe xurídico do do 11.02.15, o informe de fiscalización do 25.02.15, dáse da proposta da xefa do Servizo de Benestar Social, do 9.02.15, conformado polo xefe de Área, a concelleira-delegada da Área de Política de Benestar e a concelleira-delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Visto o informe da técnica responsable do Programa, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada da Área de Política de Benestar e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión dunha subvención directa á “Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado (AFAN)” (CIF G-36660348) por importe total de 110.000€, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 - Convenio AFAN.

SEGUNDO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e AFAN para a atención inmediata das necesidades básicas de persoas e familias en estado de necesidade.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto por un importe total de 110.000€, con cargo á indicada aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03, correspondendo a cantidade de 55.000€ ó orzamento de 2015 e outros 55.000€ ó de 2016, condicionado neste caso á existencia de crédito axeitado, suficiente e nominativo no orzamento dese próximo exercicio a favor de AFAN.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN FREIJEIRO DE AYUDA AL NECESITADO (AFAN)” PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DE PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE (2015 – 2016)».

En Vigo, na Casa do Concello, o..... de..... de 2015

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal do Concello de Vigo, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,

D^a. Hortensia González Fernández, con DNI nº 35.914.549-A, presidenta da Asociación, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Pastora nº 44 desta cidade.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a. Hortensia González Fernández, actuando en representación da “Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado (AFAN)” (CIF 36.660.348), segundo así resulta dos seus estatutos e dos acordos asemblearios adoptados, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que AFAN é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo a atención e promoción das persoas necesitadas desde o principio da autodeterminación, facilitándolles os medios precisos ó seu alcance para o seu total desenvolvemento. Esta Asociación procura satisfacer as necesidades básicas das persoas e familias en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos, roupa e tamén pequenas axudas económicas para atender outras necesidades primarias como o pagamento dos subministros do fogar (luz, auga...) ou do

alugamento. Constitúe, pois, un valioso recurso social dentro do sistema público de servizos sociais da cidade, moi utilizado e no que se traballa en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade.

II.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder subsistir nunhas condicións mínimamente dignas, sendo complementario dos recursos e programas propios dos servizos sociais municipais.

III.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL).

A teor da reforma introducida pola LRSAL, a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).

De acordo coa Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, esas competencias que debería asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela».

Ademais, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

IV.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da

entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

V.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais (prorrogados) para 2015, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VI.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor de AFAN para a atención inmediata de persoas e familias en situación de necesidade.

SEGUNDA.- AFAN comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo na atención ás persoas en situación ou risco de exclusión social e, concretamente, a:

1º) Admitir a todas as persoas e familias que accedan por primeira vez á solicitude de atención, remitíndoas cara os servizos sociais e atendéndoas nas súas necesidades básicas ata a súa inserción e aproveitamento dos recursos públicos que procedan en cada caso.

2º) Atender ás persoas que lle sexan remitidas desde o Departamento de Benestar social, con independencia das accións que habitualmente leva a cabo a propia Asociación, incluíndo na atención a entrega dun máximo de 50 bocadillos, de luns a sábado durante todo o ano, en horario de tarde, ás persoas que derive o Departamento para esta axuda en concreto.

3ª) Colaborar, dentro das súas posibilidades, na coordinación dos recursos sociais participando na organización "REDESS"; en especial, incluíndo os datos da actividade na plataforma informática de "REDESS", administrada polo Departamento de Política de Benestar do Concello de Vigo.

4ª) Cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente a AFAN unha subvención para o exercicio de 2015 por importe de 55.000€. No exercicio de 2016

concederase a mesma cantidade (55.000€), sempre que se cumpran os obxectivos propostos e exista crédito adecuado e suficiente no orzamento dese ano.

CUARTA.- O gasto imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 – “Convenio AFAN”.

QUINTA.- Os pagamentos correspondentes a cada un dos anos de vixencia do convenio (2015 – 2016), efectuaráanse do seguinte xeito:

–No ano 2015, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. No ano 2016, o 50% da cantidade anual no primeiro trimestre do ano. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

–O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 30 de novembro de cada un dos dous exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do proxecto.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo.

DÉCIMA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás

da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes de AFAN e dous técnicos municipais de Benestar social, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área de servizos sociais do Concello (ou persoa na que delegue).

DÉCIMO PRIMEIRA.- AFAN comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO SEGUNDA.- AFAN poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do 30 de novembro de cada un dos dous exercicios, a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- *Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.*
- *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*
 - *Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
 - *Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.*
 - *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
 - *Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*
 - *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
 - *Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.*
 - *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.*
 - *Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas

polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Se a beneficiaria solicítase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O/a responsable técnico/a do Proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- AFAN queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é

a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.

VIXÉSIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.

4(237).- SUBVENCIÓN Á “HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES” PARA O SOSTEMENTO DO SEU ALBERGUE E CASA DE ACOLLIDA E EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE REPARTO DE ALIMENTOS BÁSICOS. EXPTE. 103406/301.

Dáse conta do informe da técnica do Servizo de Benestar Social, do 2.02.15, conformado pola xefa de dito Servizo, que di o seguinte:

Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de articular un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

A Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo ven traballando desde hai tempo coa institución “Hermanos Misioneros de los enfermos pobres”, entidade colaboradora que presta un servizo inestimable a persoas sen fogar ofrecendo prazas temporais de Albergue e de longa estancia na súa Casa de acollida, cubrindo así en parte as carencias da estrutura municipal actual. Completa os seus servizos á comunidade cun programa de reparto de alimentos básicos a familias en situación de precariedade económica. Estímase conveniente a continuación desta colaboración para os exercicios de 2015-2016.

Para tal efecto, no orzamento (prorrogado) da Concellería de Política de Benestar do ano 2015 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.04 - “Convenio Misioneros” (57.060 €). A subvención prevista para o exercicio de 2016 (outros 57.060 €) estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento dese ano.

O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL:

«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;

e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais:

«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa entidade “Hermanos Misioneros de los enfermos pobres” (exercicios de 2015 e 2016) para o sostemento do seu Albergue e Casa de acollida e a execución do programa de reparto de alimentos básicos.

Visto o informe xurídico do do 11.02.15, o informe de fiscalización do 26.02.15, dáse da proposta da xefa do Servizo de Benestar Social, do 9.02.15, conformado polo xefe de Área, a concelleira-delegada da Área de Política de Benestar e a concelleira-delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Visto o informe da técnica responsable do Programa, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada da Área de Política de Benestar e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, ACORDO:

PRIMEIRO.- *Aprobar a concesión dunha subvención directa á institución “Hermanos Misioneros de los enfermos pobres” (CIF R3600319B) por importe total de 114.120€, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.04 - Convenio Misioneros.*

SEGUNDO.- *Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e “Hermanos Misioneros de los enfermos pobres” para o sostemento do seu Albergue e Casa de acollida e a execución dun programa de reparto de alimentos básicos a familias en situación de necesidade.*

TERCEIRO.- *Aprobar o gasto por un importe total de 114.120€, con cargo á indicada aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.04, correspondendo a cantidade de 57.060€ ó orzamento de 2015 e outros 57.060€ ó de 2016, condicionado neste caso á existencia de crédito axeitado, suficiente*

e nominativo no orzamento dese próximo exercicio a favor de “Hermanos Misioneros de los enfermos pobres”.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR DO CONCELLO DE VIGO E A INSTITUCIÓN “HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES” PARA O SOSTEMENTO DO SEU ALBERGUE E CASA DE ACOLLIDA E O REPARTO DE ALIMENTOS A FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE (2015 – 2016)».

En Vigo, na Casa do Concello, o de de 2015

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal do Concello de Vigo, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,

D. Vicente Pérez Pollán, con DNI nº 35.813.485-R, Director do Centro, con enderezo para os efectos de notificación na Avda. de Galicia nº 160 desta cidade.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D. Vicente Pérez Pollán, actuando en representación da institución “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” (CIF R-3600319B), segundo así resulta da documentación do Obispado de Tui-Vigo achegada ó expediente, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a institución “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” ten como obxectivo principal a atención e o coidado de persoas carentes de recursos e en situación de exclusión social severa. Trátase dunha das entidades sen ánimo de lucro que traballa máis en contacto coas si-

tuacións reais das persoas en estado de verdadeira necesidade e os seus centros asistenciais en Vigo constitúen uns valiosos recursos sociais dentro do conxunto do sistema de servizos sociais da cidade. En concreto, a institución dispón de dous centros autorizados pola Xunta de Galicia (Albergue e Casa de acollida) que cumpren cos requisitos da normativa vixente de autorización de centros e programas.

II.- O Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que teñen a necesidade de acudir a estes recursos para poder subsistir nunhas condicións mínimamente dignas, sendo complementarios dos recursos propios dos servizos sociais do Concello como, por exemplo, o CIIES e o Programa de transición á vida autónoma.

III.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL).

A teor da reforma introducida pola LRSAL, a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).

De acordo coa Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, esas competencias que debería asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela».

Ademais, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

IV.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns

humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

V.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais (prorrogados) para 2015, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VI.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da institución «Hermanos Misioneros de los enfermos pobres» para o sostemento da súa Casa de acollida e Albergue, situados na Avda. De Galicia nº 160 desta cidade, así como para o reparto de alimentos entre as familias necesitadas, nas condicións que a seguir se especifican.

SEGUNDA.- “Hermanos Misioneros de los enfermos pobres” comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo na atención ás persoas en situación ou risco de exclusión social e, concretamente, a:

1º) Aceptar nos seus centros a homes e mulleres das características mencionadas e que asuman o cumprimento das normas de orde interno existentes, que lles sexan derivadas polo Departamento de Benestar social do Concello, sempre que a súa capacidade o permita.

2º) Proporcionar ás persoas derivadas polos servizos sociais municipais, dentro das súas posibilidades e tanto nas prazas de Albergue para homes como para mulleres, as maiores facilidades posibles no referente ó cumprimento de horarios de entrada e saída, comidas, etc., cando así o precisen para a súa inserción laboral, realizar xestións ou outras actividades que supoñan inclusión social.

3º) Aloxar en réxime de pensión completa a aqueles usuarios do CIIES que polas súas limitacións de mobilidade non poidan acceder ós pisos dispoñibles. Estas persoas serán atendidas nas instalacións dos “Hermanos Misioneros de los enfermos pobres” por persoal dos programas de CIIES.

4º) Contratar a un/unha traballador/a social como parte do persoal técnico que atenda ás persoas usuarias do Albergue e Casa de acollida para enfermos e persoas en situación de exclusión social severa.

5º) Continuar coa actividade de axuda social consistente na entrega no seus domicilios (agás excepcións xustificadas), dúas veces ó mes e a un máximo de 80 familias seleccionadas polas Unidades de Traballo Social da zona de influencia (Teis e arredores), duns paquetes de alimentos básicos que incluírán, como mínimo: froita, pan, legumes, arroz, pasta, conservas de peixe, aceite, conservas vexetais, iogures, galletas, cacao e embutidos. Procurarase que a compra destes alimentos se realice en establecementos do propio barrio de Teis.

6ª) Colaborar, dentro das súas posibilidades, na coordinación dos recursos sociais participando na organización "REDESS"; en especial, incluíndo os datos da actividade na plataforma informática de "REDESS", administrada polo Departamento de Política de Benestar do Concello de Vigo.

7ª) Cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á "Hermanos Misioneros de los enfermos pobres" unha subvención para o exercicio de 2015 por importe de 57.060€, dos que 22.060€ serán para cofinanciar o custo da contratación dunha traballadora social (que non terá relación laboral ningunha co Concello de Vigo) e 35.000 € para financiar o programa de reparto de alimentos. No exercicio de 2016 concederase a mesma cantidade (57.060€) e coa mesma distribución (22.060€ - 35.000€), sempre que se cumpran os obxectivos propostos e exista crédito adecuado e suficiente no orzamento dese ano.

CUARTA.- O gasto imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.04 – "Convenio Misioneros".

QUINTA.- Os pagamentos correspondentes a cada un dos anos de vixencia do convenio (2015 – 2016), efectuaráanse do seguinte xeito:

–No ano 2015, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. No ano 2016, o 50% da cantidade anual no primeiro trimestre do ano. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

–O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 30 de novembro de cada un dos dous exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do proxecto.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria

deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo.

DÉCIMA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes de «Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres» e dous técnicos municipais de Benestar social, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área de servizos sociais do Concello (ou persoa na que delegue).

UNDÉCIMA.- «Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DUODÉCIMA.- «Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres» poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do 30 de novembro de cada un dos dous exercicios, a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- *Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.*
- *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*
 - *Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
 - *Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.*
 - *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
 - *Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*
 - *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
 - *Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.*
 - *Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.*
 - *Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Se a beneficiaria solicita a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O/a responsable técnico/a do Proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- «Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres» queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.

VIXÉSIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.

5(238).- SUBVENCIÓN Á “FUNDACIÓN CASA DA CARIDAD- HOGAR S. JOSÉ” PARA O SOSTEMENTO DO COMEDOR SOCIAL “LA ESPERANZA” E A UNIDADE DE HIXIENE ASOCIADA (2015-2016). EXPTE. 103409/301.

Dáse conta do informe da técnica do Servizo de Benestar Social, do 2.02.15, conformado pola xefa de dito Servizo, que di o seguinte:

Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de articular un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

Dentro destas asociacións ou institucións, a Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo ven traballando desde hai tempo coa “Fundación Casa de Caridad – Hogar S. José”, entidade colaboradora que presta un servizo inestimable que cubre as carencias da estrutura municipal actual no tocante á atención de necesidades básicas de persoas en estado de necesidade mediante o comedor social “La Esperanza”, que ofrece, ademais de comedor a mediodía, servizo de duchas e un roupeiro para homes e mulleres. Estímase conveniente a continuación desta colaboración para os exercicios de 2015-2016.

Para tal efecto, no orzamento (prorrogado) da Concellería de Política de Benestar do ano 2015 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05 - “Convenio Comedor da Esperanza” (23.000 €). A subvención prevista para o exercicio de 2016 (outros 23.000 €) estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento dese ano.

O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL:

«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;

e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais:

«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa “Fundación Casa de Caridad – Hogar S. José” (exercicios de 2015 e 2016) para o sostemento do comedor social “La Esperanza” e a unidade de hixiene vinculada.

Visto o informe xurídico do do 11.02.15, o informe de fiscalización do 26.02.15, dáse da proposta da xefa do Servizo de Benestar Social, do 9.02.15, conformado polo xefe de Área, a concelleira-delegada da Área de Política de Benestar e a concelleira-delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Visto o informe da técnica responsable do Programa, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada da Área de Política de Benestar e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión dunha subvención directa á “Fundación Casa de Caridad – Hogar S. José” (CIF G36626174) por importe total de 46.000€, con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05 - Convenio Comedor da Esperanza.

SEGUNDO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Fundación Casa de Caridad – Hogar S. José” para o sostemento do comedor social “La Esperanza” e a unidade de hixiene vinculada; recursos complementarios dos municipais destinados á atención das necesidades básicas de alimentación e hixiene de persoas en estado de necesidade.

TERCEIRO.- Aprobar o gasto por un importe total de 46.000€, con cargo á indicada aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05, correspondendo a cantidade de 23.000€ ó orzamento de 2015 e outros 23.000€ ó de 2016, condicionado neste caso á existencia de crédito axeitado, suficiente e nominativo no orzamento dese próximo exercicio a favor da “Fundación Casa de Caridad – Hogar S. José”.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR DO CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN CASA DE CARIDAD DE VIGO – HOGAR S. JOSÉ” PARA O SOSTEMENTO DO COMEDOR SOCIAL “LA ESPERANZA” E UNIDADE DE HIXIENE ASOCIADA (2015 – 2016)».

En Vigo, na Casa do Concello, o..... de..... de 2015

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal do Concello de Vigo, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,

D^a María Angeles Oviedo Vidal, con DNI nº 10169182-P, Directora do Centro, con enderezo para os efectos de notificación na rúa S. Francisco nº 69 de Vigo.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a María Angeles Oviedo Vidal, actuando en representación da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» (CIF G-36626174), segundo así resulta da escritura pública de apoderamento achegada, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» ten entre os seus obxectivos a atención e promoción das persoas en situación de desvantaxe social, desde o principio da autodeterminación e a promoción persoal e social. Adícase á atención das necesidades básicas das persoas excluídas ou en risco de exclusión social que residen, temporal ou permanentemente, en Vigo, proporcionándolles prioritariamente alimentación e aseo persoal, a través dun comedor social e dunha unidade de hixiene vinculada a este.

II.- Que o “Comedor de la Esperanza” e a súa unidade de hixiene, dependentes da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José», constitúen un equipamento propio dos servizos sociais de atención primaria da cidade, sendo esta Fundación unha entidade sen ánimo de lucro que ven asistindo ás persoas en estado de necesidade desde hai moitos anos en colaboración cos servizos sociais municipais.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder subsistir nunhas condicións minimamente dignas, sendo complementario dos recursos propios dos servizos sociais do Concello como, por exemplo, o comedor social do Albergue – CIIES da rúa Marqués de Valterra.

IV.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL).

A teor da reforma introducida pola LRSAL, a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residénciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).

De acordo coa Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, esas competencias que debería asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela».

Ademais, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais (prorrogados) para 2015, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» para o sostemento do comedor social “Comedor de la Esperanza” situado na rúa S. Francisco nº 69, que conta cunha unidade de hixiene asociada.

SEGUNDA.- A «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar San José» comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo na atención e promoción das persoas en situación de desvantaxe social e, concretamente a:

1º) Xestionar o funcionamento dun comedor social e dunha unidade de hixiene vinculada a este, para a atención de persoas en situación ou risco de exclusión social con necesidades de manutención e de hixiene persoal, que residen temporal ou permanentemente neste Concello, sen distinción ideolóxica, relixiosa ou étnica. Ó comedor poderán acudir as persoas directamente ou derivadas polos servizos sociais de atención primaria do Concello.

2º) Ofrecer a través dos citados equipamentos un servizo de almorzo ou xantar para persoas con necesidades de alimentación e un servizo de duchas e roupeiro que cubra as necesidades básicas de hixiene, roupa e calzado que poidan presentar as persoas usuarias. Ó longo do ano realizarán unha actividade convivencial dun día de duración, fóra do Concello, para o que utilizarán un medio de transporte.

3ª) Colaborar, dentro das súas posibilidades, na coordinación dos recursos sociais participando na organización “REDESS”; en especial, incluíndo os datos da actividade na plataforma informática de “REDESS”, administrada polo Departamento de Política de Benestar do Concello de Vigo.

4ª) Cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» unha subvención para o exercicio de 2015 por importe de 23.000 € prevista nominativamente nos seus Orzamentos. No exercicio de 2016 concederáse a mesma cantidade (23.000 €), sempre que se cumpran os obxectivos propostos e exista crédito adecuado e suficiente no orzamento dese ano.

CUARTA.- O gasto imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.05 – “Convenio Comedor da Esperanza”.

QUINTA.- Os pagamentos correspondentes a cada un dos anos de vixencia do convenio (2015 – 2016), efectuaráanse do seguinte xeito:

–No ano 2015, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. No ano 2016, o 50% da cantidade anual no primeiro trimestre do ano. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de

xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.

–O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 30 de novembro de cada un dos dous exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do proxecto.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo.

DÉCIMA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión creárase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» e dous técnicos municipais de Benestar social, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área de servizos sociais do Concello (ou persoa na que delegue).

UNDÉCIMA.- A «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DUODÉCIMA.- A «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do 30 de novembro de cada un dos dous exercicios, a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.*
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
 - Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.*
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
 - Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
 - Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.*
 - Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.*
 - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.***

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do convenio.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporárase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O/a responsable técnico/a do Proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- A «Fundación Casa de Caridad de Vigo – Hogar S. José» queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.

VIXÉSIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.

**6(239).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOVERNO DO 27.02.15
“RESOLUCIÓN DE OFICIO DO CONTRATO DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN
DA RÚA MARQUES DE VALTERRA”. EXPTE. 2039/440.**

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 3.03.15, que di o seguinte:

NORMATIVA APLICABLE:

- *Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).*

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno na súa sesión de data 27 de febreiro de 2015 acordou:

“2º.- Devolver a ALDASA, S.L.U., a garantía definitiva depositada por na Tesourería Municipal por importe de 6.735,54 euros por non terse ocasionado danos e prexuízos a esta Administración por mor da inexecución do contrato conforme ó exposto no fundamento xurídico V do corpo deste escrito”.

No entanto, revisado o resgardo do depósito da garantía definitiva depositada por ALDASA na Tesourería Municipal se constata que, tanto no fundamento xurídico V do informe -proposta que se envía a Xunta de Goberno como no punto 2º do citado acordo existe un erro na cantidade da garantía a devolver.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do día 27 de Febreiro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

“2º.- Devolver a ALDASA, S.L.U., a garantía definitiva depositada por na Tesourería Municipal por importe de 6.735,54 euros por non terse ocasionado danos e prexuízos a esta Administración por mor da inexecución do contrato conforme ó exposto no fundamento xurídico V do corpo deste escrito”.

A cantidade da garantía definitiva depositada, segundo consta no expediente é de 7.302,17 euros (CVD nº 2013 00086781 DE 26-12-2013).

Segundo.- A lexislación de procedemento administrativo faculta ás administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 105.2 LRJAP).

En consecuencia, procede substituír a cantidade que consta no citado acordo 6.735,54 euros, pola cantidade correcta que é 7.302,17 euros.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

Así, en mérito ó exposto, se propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

“Rectificar a cantidade correspondente a garantía depositada por ALDASA, S.L.U., no fundamento xurídico V e no apartado segundo do acordo da Xunta de Goberno extraordinaria e urxente celebrada o 27 de febreiro de 2015 de resolución de oficio do contrato das obras de humanización da rúa marques de Valterra (expediente 2039/440), substituíndo 6.735,54 euros por 7.302,17 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(240).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

A) ELOYMAR TRANVIAS UTE. EXPTE. 4007/241.

Visto o informe de fiscalización do 25.02.15, dáse conta da xefa do Servizo de Contratación, do 2.03.15, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por ELOYMAR TRANVIAS U.T.E., no que se solicita a devolución da fianza de 619.781,69 euros, constituída para responder das obras do aparcamento subterráneo na rúa Policarpo Sanz, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a ELOYMAR TRANVIAS U.T.E. a fianza de 619.781,69 euros, constituída para responder das obras do aparcamento subterráneo na rúa Policarpo Sanz, xa que as obras foron executadas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS S.A. EXPTE. 5089/241.

Visto o informe de fiscalización do 25.02.15, dáse conta da xefa do Servizo de Contratación, do 2.03.15, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 1.894,71 euros constituída para responder das obras de reparación dos pasos de peóns no termo municipal de Vigo, e cumpridos os requisitos esixidos

na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. a fianza de 1.894,71 euros constituída para responder das obras de reparación dos pasos de peóns no termo municipal de Vigo, xa que foron recibidas mediante acta de 26 de decembro de 2013, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

C) OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS S.A. EXPTE. 5094/241.

Visto o informe de fiscalización do 24.02.15, dáse conta da xefa do Servizo de Contratación, do 25.02.15, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 2.920,86 euros constituída para responder das obras de construción de beirarrúas na rúa Canteiros, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. a fianza de 2.920,86 euros constituída para responder das obras de construción de beirarrúas na rúa Canteiros, xa que foron recibidas mediante acta de 1 de xuño de 2009, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

D) OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS S.A. EXPTE. 5095/241.

Visto o informe de fiscalización do 24.02.15, dáse conta da xefa do Servizo de Contratación, do 25.02.14, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 4.192 euros constituída para responder das obras de reposición de abastecemento do Camiño da Seara, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. a fianza de 4.192 euros constituída para responder das obras de reposición de abastecemento do Camiño da Seara, xa que foron recibidas mediante acta de 31 de marzo de 2009, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E) OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS S.A. EXPTE. 5151/241.

Visto o informe de fiscalización do 24.02.15, dáse conta da xefa do Servizo de Contratación, do 25.02.15, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 182,42 euros constituida para responder das obras de ampliación de construción de beirarrúas de Manuel Cominges, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. a fianza de 182,42 euros constituida para responder das obras de ampliación de construción de beirarrúas de Manuel Cominges, xa que foron recibidas mediante acta de 31 de xullo de 2007, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

F) OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS S.A. EXPTE. 5152/241.

Visto o informe de fiscalización do 24.02.15, dáse conta da xefa do Servizo de Contratación, do 25.02.15, que di o seguinte:

Examinado o expediente promovido por OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. no que se solicita a devolución da fianza de 1.092,64 euros constituida para responder das obras de ampliación de reconstrución de beirarrúas na rúa Portoloureiro-modificado 1, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, proponse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

“Devolver a OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A. a fianza de 1.092,64 euros constituida para responder das obras de ampliación de reconstrución de beirarrúas na rúa Portoloureiro-modificado 1, xa que foron recibidas mediante acta de 31 de xullo de 2007, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorrer-lo prazo de garantía.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(241).- BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADOS NO EXERCICIO 2015. EXPTE. 5974/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.02.15, o informe de fiscalización do 27.02.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 3.03.15, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro de Cultura, Festa e Museos e a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Con data 5 de febreiro de 2015, o Concelleiro da área de Cultura, Festas e Museos resolveu que se iniciase o expediente para a convocatoria de subvencións para programas de actividades de ámbito sociocultural que se realicen con carácter público en Vigo durante o ano 2015.

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións do Servizo de Festas do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para o desenvolvemento de programas de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

A contía total destinada á presente convocatoria ascende a 50.000 euros con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades sen ánimo de lucro) do programa orzamentario de Festas do vixente exercicio.

Os destinatarios, criterios de valoración, presentación de solicitudes, prazo e documentación, tramitación, procedemento de concesión, obrigas, pagamentos e xustificación, publicidade, seguimento e control atópanse nas bases.;no marco xurídico definido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concurrencia competitiva. A concesión das subvencións realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de valoración sinalados na base oitava, coa excepción do concepto subvencionabel 3.a) da convocatoria que se lle aplicará unha cantidade fixa: por festas patronais de interese no ámbito urbano (4.000 euros). Procederase primeramente á avaliación das solicitudes que optaron ao concepto subvencionábel 3.a) e á suma da cantidade total deste concepto. O saldo restante distribuirase entre as solicitudes que optaron aos conceptos subvencionábeis 1, 2, 3b) e 3c) mediante á avaliación por puntos de cada unha das solicitudes admitidas conforme o establecido na base oitava – criterios de valoración- das bases da convocatoria. A suma total de puntos se divide entre o saldo restante (a cantidade de 50.000 € menos a suma do importe concedido ao concepto subvencionable 3.a) co fin de obter o valor por punto.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada concepto subvencionabel será do 75% do importe do proxecto presentado, sempre que alcancen o mínimo de puntos establecido na convocatoria anual.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Á vista do exposto, previos os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira de Cultura e Festas , faise á Xunta de Goberno local a seguinte PROPOSTA:

Primeiro.- Que se aproben ás bases de subvencións para programas de actividades socioculturais.

Segundo.- Que se aprobe a convocatoria de subvencións para programas de actividades socioculturais para o exercicio 2015.

Terceiro.- Que se autorice e dispoña un gasto por un importe de 50.000,00 euros con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades sen ánimo de lucro) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio prorrogado, para atender as solicitudes que se presenten ó abeiro desta convocatoria.

Cuarto. - Que se aprobe a publicación das bases e convocatoria.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS REALIZADAS NO ANO 2015.

En virtude do establecido no artigo 28 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local e disposicións concordantes, o servizo de festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo convoca a concesión de subvencións en réxime de concurrencia competitiva destinadas a programas de actividades de ámbito sociocultural.

Primeiro. - Partida económica e créditos

A contía da presente convocatoria ascende a 50.000 euros, con cargo á partida 3380.489.0000 (transferencias a entidades sen ánimo de lucro) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

Segundo. Procedemento de concesión

O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concurrencia competitiva.

Treceiro. - Prazos

O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados dende a publicación desta convocatoria no BOP.

Cuarto. - Solicitantes

Persoas xurídicas sen ánimo de lucro: a todos os conceptos subvencionábeis.

Quinto. - Lugar onde se poden obter as bases e formularios:

As bases desta convocatoria están a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxinas web municipais (www.vigo.org) (www.vigocultura.org), e servizo de Festas dende a data de publicación no BOP.

Sexto. - Lugar de presentación das solicitudes:

As persoas que concorren a esta convocatoria presentarán as solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, ben directamente ben por calquera das formas previstas no artigo 38.4.da Lei 30/1992, mediante a instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases (Anexo I).

Sétimo. - Ámbito temporal dos programa de actividades e gastos subvencionados:

Dende o 1 de decembro de 2014 ata o 30 de novembro do presente ano.

As actividades realizadas no mes de decembro incorporaranse á convocatoria anual seguinte.

Oitavo.- Notificación da resolución e recursos

A resolución da solicitude de subvención seralles notificada a todos os solicitantes, no prazo máximo de tres meses contados a partir da publicación da convocatoria no BOP, e notificarase tanto as subvencións concedidas como as denegadas. Transcorrido dito prazo sen que recaía resolución expresa, deberá entenderse desestimada. Dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a dictase no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se o acto fose expreso, ou no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ser impugnado directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses se o acto é expreso e de seis meses se o acto é presunto, a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Noveno- LIÑAS DE SUBVENCÍONS. CONCEPTOS SUBVENCIONABELS

LIÑA DE SUBVENCIÓN: Actividades socioculturais

CONCEPTOS SUBVENCIONABELS:

1.- Proxectos de actividades relacionados coas artes escénicas (teatro e danza), música, artes plásticas e literatura:

Coantía máxima subvencionábel o 75% do presuposto.

Límite mínimo de puntos: 30

Nº MÁXIMO DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES A PRESENTAR: 1

2.- Proxectos de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias.

Coantía máxima subvencionábel o 75% do presuposto.

Límite mínimo de puntos: 30

Nº MÁXIMO DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES A PRESENTAR: 1

3.- Festas tradicionais e patronais:

a)Festas patronais de especial interese no ámbito urbano.

Asignación fixa por festa: 4.000 euros

Coantía máxima subvencionábel o 75% do presuposto.

b) Festas patronais en barrios e parroquias (incluídas no calendario festivo anual).

Coantía máxima subvencionábel o 75% do presuposto.

Límite mínimo de puntos: 30 puntos

c) Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias.

Coantía máxima subvencionábel o 75% do presuposto.

Límite mínimo de puntos : 30 puntos

Nº MÁXIMO DE PROGRAMAS DE ACTIVIDADES A PRESENTAR 1

BASES DE SUBVENCIÓN PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS 2015.

Primeira.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é a regulación da concesión de subvencións do Servizo de Festas da Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo, dentro dos límites dos créditos aprobados nos orzamentos municipais, para o desenvolvemento de programas de actividades socioculturais que complementen e/ou suplan aquelas de competencia municipal.

Segunda.- OBXECTIVOS DAS AXUDAS.

–Conseguir unha cidadanía participativa e transformadora do seu contorno, cara á consecución da mellora da súa calidade de vida e a cohesión social da cidade.

–Fortalecer o tecido asociativo que traballa no ámbito da cultura e animación sociocultural.

–Fomentar valores sociais e culturais na cidadanía, a través da difusión e do coñecemento da nosa identidade cultural.

–Favorecer a cooperación entre o sector público e as entidades sen ánimo de lucro no desenvolvemento de programas de actividades de animación sociocultural.

2.- O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo, dende unha dimensión de barrio, parroquia ou cidade.

Terceira: CONVOCATORIA

- Con carácter anual, aprobaranse as convocatorias para o outorgamento das subvencións, que se axustarán ao disposto por estas bases.
- A convocatoria establecerá como mínimo:
 - a) Partida económica e créditos máximos adicados.
 - b) Procedemento de concesión.
 - c) Termo para a presentación das solicitudes.
 - d) Requisitos dos solicitantes.
 - e) Lugar onde poden obter as bases da convocatoria e formularios necesarios para concorrer a esta, información da súa data de publicación no BOP.
 - f) Lugar de presentación das solicitudes.
 - g) Concreción das diferentes liñas e conceptos subvencionabéis no ámbito sociocultural.
 - h) Orzamento adicado a cada liña de subvención, número máximo de programas a presentar por liña, réxime de concesión, cantidade máxima de subvención por programa, e umbral mínimo de puntos que cada programa debe alcanzar para ter dereito á subvención.

- i) *Ámbito temporal dos gastos subvencionabéis.*
- j) *Número de programas que se poden presentar a cada liña de subvención, conceptos subvencionabéis e contías máximas a percibir.*

Cuarta.- BENEFICIARIOS

1.- Poderán solicitar subvención, segundo o programa subvencionábel recollido da convocatoria anual:

- a) As entidades xurídica sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos:*
 - a.1.- Asociacións que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións á data de presentación da solicitude.*
 - a.2.- Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.*
 - a.3.- Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*
 - a.4.- Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.*
 - a.5.-Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.*
 - a.6.- Que teñan debidamente xustificadas en tempo e forma axudas outorgadas nesta área do Concello de Vigo no ano anterior.*
 - a.7.- Os demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.*

Quinta: SOLICITUDES

1. As entidades que concorren a esta convocatoria presentarán as solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, ben directamente ben por calquera das formas previstas no artigo 38.4.da Lei 30/1992, mediante a instancia-formulario de solicitude que se establece para tal efecto con estas bases (Anexo I).

A mera presentación da solicitude suporá que o/a solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

2.- Prazo de presentación das solicitudes: o establecido na convocatoria anual e sempre nun período non inferior a 20 días naturais, a contar dende a publicación da convocatoria no BOP.

3.- Información e tramitación: Toda a información relativa á convocatoria estará dispoñíbel no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, servizos de información do Concello de Vigo, páxinas web municipais (www.vigo.org) (www.vigocultura.org) e servizo de Festas.

As solicitudes poderán tramitarse dende a páxina web seguindo os pasos e introducindo os datos que esixe a aplicación informática, ou presentando as peticións por escrito nos modelos facilitados polo Concello.

4.- A través da convocatoria anual poderanse limitar o número de programas que poden ser presentados dentro dun mesmo concepto subvencionábel.

5.- O outorgamento da subvención non poderá superar, en ningún caso, o 75% do importe do proxecto presentado.

6.- Na mesma solicitude, incorporárase a declaración positiva de que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria prevista no artigo 13 da Lei 38/2003.

Así mesmo, autorízase expresamente ao Concello de Vigo a comprobar que está ao corrente do pago das súas obrigas fiscais e Seguridade Social (no caso contrario, deberá presentar os certificados Consellería de Facenda da Xunta de Galiza, Axencia Estatal da Administración Tributaria e Seguridade Social).

Sexta: DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación e información:

6.1. Por solicitante:

a.- Fotocopia compulsada do CIF ou NIF.

b.- Anexo I.1: declaración asinada polo/a secretario/a da entidade relativa a:

1. Data do acordo da asemblea do órgano de dirección na que se decide solicitar subvención, e importes solicitados

2. Solicitudes de subvencións realizadas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións.

3. Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción das axudas.

4. Subvencións pendentes de xustificar ao Concello de Vigo.

5. Cumprimento das obrigas tributarias coa facenda pública do Estado, da Xunta de Galicia, do Concello de Vigo e coa Seguridade Social (só para aquelas axudas cuxa contía a outorgar non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros).

6. Datos para a valoración do solicitante:

- *Persoas xurídicas: antigüidade, xestión económica financeira, masa social e representatividade, ámbito territorial e temático de intervención, recursos humanos e materiais.*

c.- *Certificación positiva acreditativa de estar ao corrente no pago das obrigas fiscais (Axencia estatal da Administración tributaria, Facenda da Xunta de Galicia) e Certificación acreditativa de estar ao corrente no pago das obrigas da Seguridade social ou de non ter a entidade traballadores ao seu cargo, expedidas no ano en curso (só para aquelas axudas*

cuxa contía a outorgar na convocatoria supere o importe de 3.000 euros e no caso de que non se autorice expresamente ó Concello de Vigo a recabar os datos relativos ao cumprimento das obrigas fiscais e da Seguridade Social).

O Concello de Vigo comprobará de oficio que o solicitante das axudas está ao corrente do cumprimento das obrigas fiscais co Concello.

d.- Certificado da titularidade da conta bancaria para aqueles solicitantes que non recibiron nunca subvención municipal ou ningún outro pago por calquera concepto e que, polo tanto, non figuren inscritos no Rexistro de Acredores do Concello.

6.2 Por programa ou proxecto solicitado:

a- Anexo II.1.- Ficha resume de cada programa de actividades facilitado polo Concello e identificativo dos principais elementos xerais deste: denominación, adscrición ao programa, fundamentación das necesidades e a razón do proxecto, ámbito de execución, coordinación, obxectivos, destinatarios, metodoloxía, temporalización, recursos humanos, materiais e económicos, sistemas de seguimento e avaliación.

b- No caso de publicacións periódicas de carácter informativo e divulgativo no ámbito da animación sociocultural, cumprirán os seguintes requisitos:

- Non ter carácter de boletín interno da asociación.*
- Presentar un proxecto editorial no que se inclúa entre outros datos: responsábeis da redacción e da edición, índice, número de páxinas, número de exemplares, características (tamaño, cores, papel, etc), periodicidade da tirada, números xa publicados, sistema de distribución e plan de financiamento.*
- Dispoñer de depósito legal.*
- Indicar na contraportada da publicación o patrocinio da Concellería de Cultura e Festas.*
- Depositar gratuitamente dez exemplares na Concellaría de Cultura e Animación sociocultural no prazo máximo dun mes dende a súa edición.*
- Se a publicación xa está editada e cumpre cos requisitos anteriores, presentarse, xunto ao proxecto, un exemplar dela.*

c- No que atinxe ao desenvolvemento de cursos de formación, achegarase o currículo do profesorado, os datos de custo hora por alumnado e custo hora por profesor/a, así como as características técnicas do local de formación e os recursos didácticos cos que se contan.

d- A solicitude presentada que non inclúa o proxecto específico para o cal solicita subvención será directamente excluída, sen prexuízo do disposto polo artigo 71 da Lei 30/1992.

Sétima: DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDES

Unha vez estudados os proxectos solicitados xunto coa documentación presentada polas asociacións, desestimaranse:

1.- Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.

2.- Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.

3.- Aqueles nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariábel (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.

4.- Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.

5.- Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.

6.- Aqueles que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.

7.- Aqueles que en consideración ao proxecto e programación non reúnan as condicións mínimas de interese xeral e non acaden unha puntuación mínima suficiente establecida na convocatoria anual (30 puntos), xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición do proxecto ou que a materia no se axusta aos obxectivos da convocatoria.

8.- Que a solicitude se presente fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.

9.- A falta de xustificación en tempo e forma algunha das subvencións concedida na convocatoria do ano 2014.

10.- Que a entidade solicitante non teña a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.

11.- Aquelas entidades que soliciten axudas para proxectos de actividades non recollidos na cláusula novena da convocatoria (líñas de subvencións. Conceptos subvencionabels).

12.- Aquelas entidades que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, non teñan obxectivos e finalidades de carácter sociocultural.

13.- Aquelas entidades que teñan previsto a realización das actividades obxecto de subvención fora do término municipal de Vigo.

Oitava: CRITERIOS DE VALORACIÓN

Na valoración dos programas ou proxectos aplicaranse os seguintes criterios:

1. Criterio para valoración da entidade solicitante	Ata 25 puntos
Traxectoria e antigüidade da entidade.	Ata 5 puntos
Masa social, representatividade e participación da cidadanía	Ata 10 puntos
Ámbito xeográfico (barrio, parroquia ou distrito), e poboación destinataria.	Ata 10 puntos
2. Criterio de valoración do programa ou proxecto.	Ata 75 puntos

<i>Interese do programa: fundamentación das necesidades e a razón do proxecto, obxectivo do programa, adecuación aos obxectivos recollidos nas bases, innovación, duración do programa, colectivo a quen vai dirixido, consolidación do proxecto.</i>	<i>Ata 40 puntos</i>
<i>Calidade no deseño da proposta: Deseño dos contidos e incorporación de metodoloxías socioeducativas, metodoloxía, temporalización, recursos humanos, materiais uso de novas tecnoloxías, sistemas de seguimento e avaliación,</i>	<i>Ata 20 puntos</i>
<i>Viabilidade técnico-económica e financeira do proxecto: orzamento de gastos e ingresos previstos relacionado coa actividade, presenza doutras fontes de financiamento (propias ou externas), achega de recursos propios da entidade (humanos e materiais) e persoal voluntario para o desenvolvemento da actividade, viabilidade temporal.</i>	<i>Ata 10 puntos</i>
<i>Colaboración con outras entidades asociativas.</i>	<i>Ata 5 puntos</i>

A xustificación das subvencións solicitadas e concedidas en convocatorias anteriores é un requisito para a concesión das subvencións.

A Comisión de Avaliación encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos presentados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no Concello de Vigo.

Novena.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN E CONTIA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concurrencia competitiva. A concesión das subvencións realizaranse mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, conforme aos criterios de valoración sinalados na base anterior, coa excepción do concepto subvencionabel 3.a) da convocatoria que se lle aplicará unha cantidade fixa: por festas patronais de interese no ámbito urbano (4.000 euros). Procederase primeramente á avaliación das solicitudes que optaron ao concepto subvencionábel 3.a) e á suma da cantidade total deste concepto. O saldo restante distribuirase entre as solicitudes que optaron aos conceptos subvencionábeis 1, 2, 3b) e 3c) mediante á avaliación por puntos de cada unha das solicitudes admitidas conforme o establecido na base oitava – criterios de valoración- das bases da convocatoria. A suma total de puntos se divide entre o saldo restante (a cantidade de 50.000 € menos a suma do importe concedido ao concepto subvencionable 3.a) co fin de obter o valor por punto.

O importe máximo a conceder a cada entidade solicitante por cada concepto subvencionabel será do 75% do importe do proxecto presentado, sempre que alcancen o mínimo de puntos establecido na convocatoria anual.

Décima:-INSTRUCCIÓN

1.- A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Servizo de Festas.

2.- Os solicitantes, a requirimento do Servizo de Festas, disporán dun prazo improrrogábel de dez (10) días para completar a documentación ou os defectos materiais e formais que se aprecien, con apercibimento de que, se así non o fixesen, se lles tería por desestimada da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos nos artigos 42 e 71 da Lei 30/1992.

3.- Rematada a instrución do expediente, este será remitido á Comisión de Avaliación, integrada polo concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos que actuará como presidente, e dous vogais designados entre o persoal técnico do Concello (o xefe do servizo de xestión e promoción cultural e a xefa do servizo de festas), un deles fará as funcións de Secretario/a.

En cumprimento do disposto no art. 21.4 párrafo 6 de Lei de subvencións de Galicia, o órgano instructor acreditará na proposta que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás mesmas, según a información que obra no seu poder.

4.- A valoración individual das subvencións determinarase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes a que se refire a base sétima e valorando as restantes solicitudes conforme ao establecido na base oitava.

5.- Prazo de resolución e notificación:

O prazo máximo de resolución das solicitudes e notificación as entidades solicitantes é de tres meses contados a partir da publicación da convocatoria, e notificaranse tanto as subvencións concedidas como as denegadas.

A resolución de solicitudes de subvención será competencia da Xunta de Goberno Local, á proposta do Órgano Instructor.

Unha vez notificado o acordo de concesión, e de non existir escrito de renuncia polo beneficiario no prazo de 10 días contados dende a recepción da notificación, entenderase que a subvención foi aceptada.

Contra a resolución poderá interpoñer recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-administrativo nos supostos previstos no artigo 8 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses; ambos os dous prazos contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución.

Décimo primeira.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

a) Cumprir todas as estipulacións establecidas nestas bases e no marco xurídico definido na Lei de Galicia 9/2007, Lei 38/2003 e demais normativa de desenvolvemento desta última.

b) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

c) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.

d) Comunicar calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización de actividade subvencionada.

e) Informar e publicitar as actividades subvencionadas e financiamento municipal, incorporando o logotipo do Concello de Vigo, nos materiais impresos (carteis, folletos, follas informativas...), placas conmemorativas, medios electrónicos ou audiovisuais, ou anuncios nos medios de comunicación escrita.

f) A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellería de Festas estudará cal sería a lingua que empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

Décimo segunda.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

A concesión de subvencións ao abeiro da presente convocatoria será compatíbel con outras outorgadas para a mesma finalidade por outras administracións públicas. En calquera caso o montante do financiamento obtido, por subvención ou outras fontes, non poderá resultar superior ao custo do programa subvencionado.

Décimo terceira.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

1.- Prazo de xustificación: unha vez rematado o programa, e como data límite o 4 de decembro de 2015.

2.- Cantidade a xustificar: O beneficiario terá que presentar facturas orixinais equivalentes ao importe concedido e ademais unha memoria económica xustificativa de gastos ata o 100% do orzamento do proxecto presentado.

3.- Sistema de xustificación: mediante a presentación a través do Rexistro Xeral do Concello, da seguinte documentación:

a) Solicitud de liquidación e memoria das actividades levadas a cabo para a execución de cada programa, segundo o modelo facilitado polo Concello (ANEXO III), que deberá incluír como mínimo os seguintes datos:

- Datos sobre os participantes na actividade: número de beneficiarios, perfil, etc.
- Explicación detallada do desenvolvemento da actividade.
- Memoria de prensa.
- A memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas incluírá o seguinte:
 - Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
 - Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
 - As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturás cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica

equivalentes. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicítase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Os conceptos das facturas presentadas terán que estar directamente relacionados co obxecto da actividade subvencionada. Non se admitirán facturas cuxo concepto estea relacionado coa adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo.*
- En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*
- Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade subvencionada con indicación do importe e procedencia.*
- Tres exemplares do material impreso de difusión realizados con motivo da actividade subvencionada que deberá ter o logo do Concello de Vigo; en caso de non terse editado ningún material publicitario, deberá indicarse este extremo.*
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros."*

4.- Pagamento da subvención: efectuarase mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade declarada xunto a solicitude.

O pagamento non se levará a cabo se a entidade beneficiaria tivese pendente de xustificar algunha subvención cun prazo de xustificación xa rematado.

5.- Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso da non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. En caso de non xustificarse a totalidade do orzamento do proxecto, a subvención será minorada na mesma proporción. A resolución da redución das axudas será competencia da Xunta de Goberno Local. Asemade, reducirase a subvención cando os gastos xustificados fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

Décimo cuarta.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta será comprobada polo servizo de Festas. A xefa do servizo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Décimo quinta.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo servizo de Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo sexta.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, REVOGACIÓN, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS. REXIMEN DE INFRACCIÓNS E SANCÍONS..

1.- Procede a revogación parcial ou total da subvención e a obriga do reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pago, sen menoscabo das sancións que, no seu caso, resulten esixíbeis no caso de:

- a) Incumprimento por parte do/a beneficiario/a das subvencións de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento; así como a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, ou obtención concorrente doutras axudas compatíbeis ou incompatíbeis dará lugar á revogación.
 - b) A non xustificación da subvención no prazo concedido.
2. O beneficiario poderá renunciar voluntariamente á subvención, reintegrando, no seu caso, o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de tres meses a contar dende a notificación definitiva do outorgamento da axuda, no caso contrario procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que dela se deriven.
 3. Nulidade, reintegro, infraccións e sancións: Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 4. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.
 5. Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sétima.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS

As subvencións concedidas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, se o importe da subvención individualmente considerado supera os 3.000 euros, ou no taboleiro de anuncios da entidade local nos restantes casos. En ambos casos expresarase o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

Décimo oitava.-SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN

O persoal técnico do servizo será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará á conta xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.

Décimo novena.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento o servizo de Festas.




A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o servizo de Festas.

Vixésima- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2013, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vixésimo primeira.- DISPOSICIÓN FINAL

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as entidades destinatarias das subvencións outorgadas

  	Anexo I:	
	SOLICITUDE É requisito imprescindible o cumprimento de todos os campos	
SUBVENCIÓN PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS 2014		

Nome:									
Enderezo:							Código postal:		
NIF ou CIF:				Número Rexistro municipal de Asociacións:					
Tel. 1:			Tel. 2:			Fax:			
Correo electrónico:									
Número IBAN		Entidade		Sucursal		DC		Número de conta	

Datos do representante legal (para persoas xurídicas)

Nome e apelidos:									
Enderezo:							Código postal:		
Tel.:			Fax:			Correo electrónico:			
Cargo que ocupa:									

Solicita subvención (programa/s que presenta a esta liña de subvención e concepto subvencionábel ao que se acolle):

CONCEPTO SUBVENCIONABEL 1	Título do programa:	Importe solicitado:
CONCEPTO SUBVENCIONABEL 2	Título do programa:	Importe solicitado:
CONCEPTO SUBVENCIONABEL 3	Título do programa:	Importe solicitado:

Documentación que se achega

- Fotocopia do CIF/NIF
- Declaración responsable relativa aos datos do solicitante (ANEXO I.1)
- Ficha resume de cada programa solicitado (ANEXO II)

Vigo, de de 2015

Sinatura do/da solicitante e selo da entidade
EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VIGO



SUBVENCIÓN PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS 2015

D. con NIF
e en calidade de secretario da
entidade

DECLARA

1.- Que na reunión do órgano de dirección da entidade, levada a cabo o día/...../....., adoptouse o acordo de solicitar subvención para os programas que se indican na solicitude.

2.- Que á entidade se lle concederon outras axudas: si non

Que se solicitaron outras subvencións para a mesma finalidade: si non

Relación de axudas solicitadas	Importe

3.- Que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no artigo 13 apartados 2 e 3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e artigo 10 apartados 2 e 3 da Lei 9/2002 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e que son certos os datos presentados.

4.- Que a entidade non ten pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Vigo no pasado exercicio económico.

5.- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda pública do Estado, da Xunta de Galicia, do Concello de Vigo e coa Seguridade Social, autorizando expresamente ao Concello de Vigo ás comprobacións que a tal fin sexan necesarias.

6.- Os seguintes **datos xerais da entidade** co fin de que o Concello proceda á valoración do solicitante:

7.1.- Traxectoria e antigüidade da entidade:

máis de 50 anos entre 25 e 50 anos entre 10 e 25 anos
 menos de 10 anos

Ano de fundación:

5	

7.2.- Masa social, representatividade e participación

Número de persoas asociadas	Ano	Homes	Mulleres	Total
	2013			
	2014			

Data da última renovación da Xunta:/...../.....

Cargos renovados:
.....
.....

10	

7.3.- Ámbito de intervención da entidade e alcance social:

barrio parroquia distrito municipal
 comarcal provincial autonómico estatal

Indicar o número de persoas que abarca o ámbito territorial da entidade:

Número persoas que se beneficiaron das programas de actividades no último ano:

ata 500 entre 501 e 1.000 entre 1.001 e 5.000
 máis de 5.000 NS/NC

Asistencia dalgunha persoa da entidade a cursos de formación no último ano
bre inmigración, interculturalidade, minusvalías: si non

¿Cales?
.....

10	

¿Participa en coordinadoras e/ou federacións? si non
¿Cales?

.....

Vigo, de de 2015

Sinatura e selo da entidade

	<p>Anexo II.1:</p> <p style="text-align: center;">PRESUPOSTO DO PROGRAMA</p> <p style="text-align: center;">(débese achegar un presuposto por cada programa que se presente)</p>
SUBVENCIÓN PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS 2015	

Nome do programa:

GASTOS		INGRESOS	
Concepto	Importe	Concepto	Importe
Directos			
Persoal		Venta de produtos	
Material funxíbel		Recadación por entradas	
Infraestrutura		Alugueiro de espazos	
Publicacións e publicidade		Matrícula	
Servizos contratados		Publicidade	
Viaxes e desprazamentos		Patrocinador/espónsor	
Seguros		Achega da entidade	
Transportes		Outros (indique):	
Axudas de custo para o persoal			
Outros (indique):			
Subtotal (A)			
Indirectos¹		Subvencións	
Administración e xestión		Concello de Vigo ²	
Limpeza		Deputación de Pontevedra	
Subministracións/consumos		Xunta de Galicia	




1 Gastos fixos de estrutura da entidade imputábeis a este programa ata un máximo de 10% dos gastos directos (A)

2 Cantidade de subvención solicitada ó Concello; non superará os máximos establecidos na base novena.

GASTOS		INGRESOS	
Outros (indique)		Outras administracións públicas (indique)	
Subtotal (B)			
TOTAL GASTOS (A+B)¹		TOTAL INGRESOS³	

Vigo, de de 2015

Sinatura e selo da entidade

  	Anexo II: FICHA RESUME DO PROGRAMA (débase achegar unha ficha por cada programa que se presente)
	SUBVENCIÓN PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS 2015

N.I.F. da entidade:

Concepto subvencionábel:

Nome do programa:

Obxectivos do programa:

Fundamentación (consideracións xerais de porque se vai facer este proxecto: motivacións da entidade organizadora, situación de partida, realidade que nos fai realizar o proxecto, situación que se trata de paliar ou resolver, etc.):

proxecto de nova creación proxecto que xa existía

Ámbito do programa:

a propia asociación barrio parroquia distrito municipal
 comarcal provincial autonómico estatal internacional

Persoas ás que se dirixe o programa (marque unha única casiña principal):

unicamente mulleres prioritariamente mulleres mulleres e homes por igual
 prioritariamente homes unicamente homes

Colectivo de idade ao que se dirixe o programa (marque unha única casiña principal):

1 Os importes totais de gastos e de ingresos teñen que estar equilibrados.

- todas as idades infantil (menos de 13 anos) adolescentes (de 13 a 17)
 novos (de 18 a 35) adultos maiores
Colectivo ao que se dirixe o programa (marque unha única casíña principal):
 cidadanía en xeral familias persoas afectadas por enfermidade
 alumnado nais e/ou pais persoas con minusvalía
 persoas inmigrantes gays e/ou esbianas
 persoas en risco de exclusión (social, laboral...) membros asociación outros (especificar):

Descrición das actividades e metodoloxía (actividades programadas ao longo do proxecto, como se van facer, técnica e instrumentos que van ser utilizados, organización do equipo, interno, localización, etc...):

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Período do programa:

Data inicio...../...../..... Data remate...../...../..... Periodicidade:

actividades	Mes											
	X	F	M	A	M	X	X	A	S	O	N	

Perspectiva intercultural:

- As actividades teñen en conta a diversidade cultural existente no municipio.
 As publicacións realízanse en idiomas diferentes ás linguas oficiais (programa, carteis, folletos, publicidade, outros).


Promoción da accesibilidade:

- As actividades están adaptadas para persoas con minusvalía.
 Tívoise en conta que os espazos utilizados para as actividades do programa non teñan barreiras arquitectónicas.
 Prevíronse recursos posíbeis para facilitar a participación na actividade de persoas con minusvalía (física, psíquica ou sensorial).

Quen asina esta ficha certifica que foi acordada polo órgano competente para o desenvolvemento deste programa para o que se solicita subvención.

Vigo, de de 2015

Sinatura e selo da entidade

CONCELLERÍA DE CULTURA E FESTAS	CONCELLO DE VIGO		Anexo III: MEMORIA XUSTIFICATIVA (débase achegar unha memoria por cada programa subvencionado)
SUBVENCIÓN PARA PROGRAMAS DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS 2015			

D.....con NIF en representación da entidade

CERTIFICO

Que o(s) proxecto(s) subvencionados por acordo da Xunta de goberno local de data realizouse(realizáronse) nas condicións previstas, o que se acredita coa presente memoria que se achega e coa documentación complementaria.

CONCEPTO SUBVENCIONABEL 1	Título do programa:	Importe concedido:
CONCEPTO SUBVENCIONABEL 2	Título do programa:	Importe concedido:
CONCEPTO SUBVENCIONABEL 3	Título do programa:	Importe concedido:

DECLARO

1. Que todos os datos que contén a presente MEMORIA XUSTIFICATIVA se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
2. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan se aplicaron á actividade subvencionada.
3. Que foron aboadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares de dereito que incorporan.
4. Que as subvencións ou achegas obtidas para un mesmo programa ou actividade non superaron o custe total do programa ou actividade subvencionada.
5. Que foi practicada a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos a retención, así como que esta foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (no caso de empregar os ditos xustificantes).
6. Que está ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e Seguridade Social, conforme ao réxime simplificado de acreditación previsto polo art. 31.7. da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso o Concello de Vigo, poderá recabar estes datos de oficio.

SOLICITO

Que sexa ingresado o importe subvencionado na seguinte conta bancaria:

Nome do titular da conta:

Nome da entidade bancaria:

Nº IBAN				Entidade			Sucursal			DC		Número de conta											

Vigo, de de 2015

Sinatura e selo da entidade

1.Fundamentación

Valoración dos datos xerais do programa e do proxecto, e se este respondeu ao que se pretendía.

.....
.....

2. Obxectivos

Valoración do nivel de alcance dos obxectivos do proxecto, dos recursos adicados, custes, participación...

.....
.....
.....

3. Usuarios

Valoración dos usuarios (persoas ás que realmente alcanzou) do proxecto.

Nº Persoas:

Persoas ás que chegou o programa (marque unha única casíña principal)	Unicamente mulleres	Prioritariam. mulleres	Mulleres e homes por igual	Prioritariam. Homes	Unicamente homes

Colectivo de idade ao que chegou o programa (marque unha única casíña principal)	Todas as idades	Infantil (< 13 anos)	Adolescentes (de 13 a 17)	Novos (de 18 a 35)	Adultos	Maiores

No caso de tratárense de colectivos específicos, indique as características que os identifican:

.....
.....

4. Descrición das actividades realizadas

Exposición breve, lóxica e descritiva que permita entender que actividades se levaron a cabo e como; así mesmo, as non realizadas, conforme ao contido do proxecto presentado.

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

5. Recursos

Recursos humanos (persoas coas que se contou para o desenvolvemento do proxecto e a súa relación coa entidade)

Categoría/cualificación	Número	Dedicación de horas	Relación laboral (voluntarios, contratados, colaboradores, profesionais externos, etc.)	Tarefas/funcións

Lugar de realización (instalacións e equipamento utilizado e grao de adecuación á actividade):

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Recursos técnicos (asesoramento, formación, supervisión, información, etc)

.....

.....

Recursos materiais (aquilo que foi preciso adquirir para o desenvolvemento do proxecto, sexan funxíbeis ou non)

.....

.....

.....

.....

Sistema de información, comunicación e publicidade

Folletos	Carteis	Inserción en prensa	Outros (indicar)
Nº	Nº		

Outras observacións sobre o proxecto.....

.....

.....

6. Avaliación

Avaliación dos indicadores dos sistemas de seguimento e da execución final

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

7. Orzamento xustificado

A xustificación económica referirase á totalidade dos gastos e ingresos do proxecto financiado

GASTOS		INGRESOS	
Concepto	Importe	Concepto	Importe
Directos			
Persoal		Venta de produtos	
Material funxíbel		Recadación por entradas	
Infraestrutura		Alugueiro de espazos	
Publicacións e publicidade		Matrícula	
Servizos contratados		Publicidade	
Viaxes e desprazamentos		Patrocinador/espónsor	
Seguros		Achega da entidade	
Transportes		Outros (indique):	
Axudas de custo para o persoal			
Outros (indique):			
Subtotal (A)			
Indirectos : máximo 10% de (A)		Subvencións	
Administración e xestión		Concello de Vigo	
Limpeza		Deputación de Pontevedra	
Subministracións/consumos		Xunta de Galicia	
Outros (indique)		Outras administracións públicas (indique)	
Subtotal (B)			
TOTAL GASTOS (A+B)		TOTAL INGRESOS	

Relación de xustificantes de gastos e pagos acreditados con facturas orixinais imputábeis á subvención

Nº de ord	Nº factura	Data da factura	Provedor	CIF/NIF provedor	Concepto	Importe facturas
Custos directos						
Subtotal						
Custos indirectos (máximo 10% do importe subvencionado)						
Subtotal						
TOTAL						

8. Viabilidade futura do proxecto

Valoración final e posíbeis propostas de mellora do proxecto. No caso de tratarse dun proxecto con posibilidade de continuidade, indicar, no seu caso, as medidas correctoras e de mellora do mesmo.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

9. Suxestións

Suxestións ao Concello de Vigo en relación coa convocatoria

.....

.....

.....

.....

10. Anexo documental

Documentación anexa á memoria xerada pola actividade do proxecto

- material de difusión, información e publicidade, carteis
- programa de man
- enquisa de autoavaliación dos participantes
- documentación fotográfica, prensa.

Outros (indique).....

memoria complementaria

9(242).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO V CROSS ESCOLAR COLEGIO MONTERREY O VINDEIRO 8 DE MARZO. EXPTE. 13894/333.

Dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 03.03.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e o secretario da Admón. Municipal, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

O Colexio Monterrey con (CIF:B36610566), solicitou o día 05-02-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150015036) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: V CROSS COLEGIO MONTERREY*
- *Data: 8 DE MARZO DE 2015*
- *Horario:*
 - *Inicio do Montaxe:09.00h.*
 - *Fin do desmontaxe:13.00h*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro domingo 8 de marzo de 2015 ás 10.00h. O percorrido da carreira será pola rúa Montecelo, Travesía de Vigo e arredores, finalizando ás 13.30h.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

A entidade solicitante deberá cumprir as "Normas xerais sobre a utilización de espazos públicos" aprobadas pola Comisión de Goberno o 17 de marzo de 2003, así como o disposto no

anexo II do Regulamento Xeral de Circulación referido a probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Colexio Monterrey con (CIF:B36610566) a organizar o vindeiro domingo 8 de marzo de 2015, a carreira denominada V CROSS ESCOLAR COLEGIO MONTERREY a carreira comenará ás 10.00 horas, con saída dende o Colexio, e transcurrirá por Montecelo, Travesía de Vigo e arredores, rematando ás 13.30h.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(243).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOVERNO DE 2.02.15 “PROMOCIÓN POLO CONCELLO DE VIGO DO PROXECTO EMPRESARIAL “FÁBRICA DEL CUCO S.L.” COMO INICIATIVA LOCAL DE EMPREGO (ILE). EXPTE. 11575/77.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 2.03.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

Con data 2 de febreiro de 2015 a XGL, adoptou o seguinte acordo: Promoción polo Concello de Vigo do proxecto empresarial “Fábrica del Cuco, S.L.” como Iniciativa Local de Emprego (ILE) ante a Consellería de Traballo e Benestar..

Unha vez recepcionado o certificado da XGL e revisado documento, tense detectado un erro nos antecedentes do informe proposta que se enviou para o acordo, relativo ao promotor ou representante do proxecto empresarial, en concreto no texto aparece:

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que é susceptible de entrar no programa de ILES, o proxecto empresarial “Fábrica del Cuco, S.L.” con enderezo en Vigo, promovido e presentado por Don Francisco Vallverdú Baena en calidade de representante, por acadar as seguintes características:

Por todo o anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

- Rectificar o acordo de XGL de data 2 de febreiro de 2015 (exp.11575-77)*
- Modificar no texto dos antecedentes da proposta o nome a apelidos do promotor, sendo:*

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, entende que é susceptible de entrar no programa de ILES, o proxecto empresarial “Fábrica del Cuco, S.L.” con enderezo en Vigo, promovido e presentado por Pablo González Nuñez en calidade de representante.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(244).- PROXECTO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES APE-AJE, CEP-CCOO, CIG E UGT PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO IMOS TRABALLAR 2 POR AMPLIACIÓN DA SUBVENCIÓN DE DITO PROXECTO. EXPTE. 11611/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.01.15, o informe de fiscalización do 27.02.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 6.02.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

Con data 8 de xullo de 2012 a Xunta de Goberno Local acordou aceptar a subvención concedida para o proxecto 615 denominado Imos Traballar 2, (Exp. 8389-77) , aprobado por Resolución de Secretaría de Estado de Cooperación Territorial de data 22 de xuño de 2011 e publicado no BOE do 1 de xullo de 2011, financiado polo Fondo social Europeo período de intervención 2007-2013, dentro do P.O. Adaptabilidade e Emprego, dirixido a fomentar pactos, redes, asociacións e apoio ás iniciativas locais para o emprego e a inclusión social,

O proxecto foi obxecto de dúas ampliacións da subvención como consecuencia do reparto de remanentes aprobados pola "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales" mediante resolucións do 5 de setembro de 2013 (BOE 222 de 16/09/2013) e do 15 de outubro de 2014 (BOE 255 de 15/10/2014).

Aceptadas as ampliacións anteriores por acordos da Xunta de Goberno Local de 7 de outubro de 2013 e de 7 de novembro de 2014 o gasto total elixible do proxecto Imos Traballar2 ascende a 1.938.200,10 euros, sendo o 80% subvencionado polo FSE (1.550.560,08€) e o 20% restante (387.640,02€) de achega municipal e tendo como data límite de desenvolvemento das actividades previstas no mesmo ata o 30 de setembro de 2015.

De acordo coa disposición 3.2 dá Resolución de 18 de febreiro de 2011, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se aproba a convocatoria 2011 para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo durante o período de intervención 2007-2013, o proxecto debe incluír necesariamente un Pacto Local polo Emprego que deberán integrar unha ou varias entidades locais así como diversos axentes e interlocutores institucionais, económicos e sociais representativos no territorio e que deberán ser coordinados pola entidade local beneficiaria. Os Pactos Locais polo Emprego deben formalizarse nun acordo global suscrito por todas as entidades participantes nos que conste a aceptación e compromisos asumidos por cada parte non admitindo os pactos resultantes de acordos individualizados coas distintas entidades. Por este motivo subscribíronse dous convenios entre o Concello de Vigo e as entidades integrantes do Pacto polo Emprego de Vigo o primeiro deles con data 20 de febreiro de 2012 cun período de vixencia de vinte e catro meses (Exp. 8675-77) e o segundo (Exp. 10782-77) asinouse o 21 de febreiro de 2014 con vixencia ata o 20 de decembro de 2014.

Unha vez aceptada a segunda ampliación da subvención antes mencionada e tal e como se sinalou no parágrafo precedente é necesario manter en vigor o convenio entre o Concello de Vigo e os membros do Pacto polo Emprego durante todo o período de execución do proxecto. Neste sentido achego a consulta que se fixo ao Ministerio que respondeu que efectivamente deberíamos asinar un novo convenio con vixencia ata a data final prevista que será o 30 de setembro de 2015.

Polo anteriormente exposto e dado que a vixencia do segundo Convenio asinado entre o Concello de Vigo e as entidades integrantes do Pacto polo Emprego de Vigo rematou o 20 de

decembro de 2014, PROPOÑO A XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. Aprobar en cumprimento das disposicións dá Resolución de 18 de febreiro de 2011, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se aproba a convocatoria 2011 para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo durante o período de intervención 2007-2013, a sinatura dun novo convenio entre o Concello de Vigo e as entidades integrantes do Pacto Local polo Emprego de Vigo, que contemple as novas accións, o seu orzamento e a consecuente ampliación dos prazos de execución das actividades do proxecto I mos Traballar2 derivadas da aceptación pola Xunta de Goberno Local na sesión do 7 de novembro de 2014 do incremento da subvención.

2. Autorizar o Concello de Vigo a ceder un financiamento de 24.000 euros concedido para o proxecto I mos Traballar2 aos axentes sociais integrantes do Pacto polo Emprego de Vigo : Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo-AJE, Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra-APE, Unión Comarcal de Comisión Obreiras de Vigo-CCOO, Confederación de Empresarios de Pontevedra -CEP, Confederación Intersindical Galega de Vigo -CIG e Unión General de Trabajadores - Unión Comarcal de UGT Vigo, de acordo coa seguinte distribución:

Entidade	CIF	Importe/euros
Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo-AJE	G-36801786	4.800,00
Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra-APE	G-36710234	Non executan gasto
Unión Comarcal de Comisión Obreiras de Vigo-CCOO	G-15103112	4.800,00
Confederación de Empresarios de Pontevedra -CEP	G-36615219	4.800,00
Confederación Intersindical Galega de Vigo -CIG	G-36706927	4.800,00
Unión General de Trabajadores - Unión Comarcal de UGT Vigo	G-15383011	4.800,00

Este importe provén da minoración na anualidade 2014 na partida orzamentaria 2410-489.00.05 Convenios Axentes I mos Traballar 2 (Exp. 11500-77), e polo tanto non supón un maior custo do previsto polo Concello de Vigo para o financiamento das actividades dos axentes sociais durante o período de desenvolvemento do proxecto nin maior subvención por parte do Fondo Social Europeo.

3. Facultar ao Concelleiro de Emprego Participación Cidadá e Voluntariado para asinar o citado convenio de acordo coas seguintes estipulacións:

REUNIDOS:

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez como Alcalde de Vigo, actuando en nome e representación do Concello de Vigo, ao amparo das facultades que lle concede o seu nomeamento o 11 de xuño 2011,

Doutra,

Doutra, D., como en representación da mesma, ao amparo das facultades que se lle concederon en

Declaran:

Que o Concello de Vigo e, en concreto, a área de Desenvolvemento local, Emprego e Participación Cidadá, no ámbito das atribucións de competencias, correspóndelle o exercicio das funcións atribuídas, en base o decreto de delegación de 30 de xullo de 2014.

Que foi presentado á convocatoria do Ministerio de Política Territorial y Administraciones Públicas de axuda con cargo ao Fondo Social Europeo-Período 2011-2013, convocatoria 2011, prevista no correspondente P.O. de Adaptabilidade e Emprego, dirixido a fomentar pactos, redes, asociacións e apoio ás iniciativas locais para o emprego e a inclusión social, o proxecto Imos Traballar, con número 615

Que dito proxecto foi aprobado mediante resolución de 22 de xuño de 2011, pola Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se resolveron as solicitudes de subvención formuladas ao amparo da convocatoria 2011 para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo durante o período de intervención 2012-2014.

Que a Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2014 aceptou unha segunda ampliación da subvención derivada do reparto de remanentes aprobado por Resolución da "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales" de 15 de outubro de 2014, publicada no BOE 255 de 21 de outubro de 2014.

Que como consecuencia desta ampliación e para dar cumprimento as disposicións da Resolución de 18 de febreiro de 2011, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se aproba a convocatoria 2011 para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo durante o período de intervención 2007-2013 é necesario asinar un novo convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e as entidades integrantes do Pacto Local polo Emprego que contemple as novas accións a desenvolver no marco do proxecto, o seu orzamento e a consecuente ampliación dos prazos de execución derivados de dito incremento que terá como data límite o 30 de setembro de 2015.

En consecuencia, os organismos conveñen establecer o presente acordo de colaboración, segundo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre Concello de Vigo e os seguintes axentes sociais e económicos: Asociación de Jovenes Empresarios de Vigo- AJE, Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra-APE, Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo -CCOO, Confederación de Empresarios de Pontevedra CEP, Confederación Intersindical Galega de Vigo -CIG e Unión Comarcal da UGT, para a execución de diversas actividades do proxecto "Imos Traballar 2" , ao amparo da convocatoria 2011 para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo durante o período de intervención 2011-2013, que foi aprobado por decisión do Comité de Valoración da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial con data 21 de xuño de 2011 e de aquelas derivadas da ampliación da subvencion por reparto de remanentes do proxecto Imos Traballar2 aprobada por Resolución da "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Co-

munidades Autónomas y las Entidades Locales" de 15 de outubro de 2014, publicada no BOE 255 de 21 de outubro de 2014.

SEGUNDA.- As actividades a desenvolver por cada entidade no marco do programa son as previstas no proxecto "Imos Traballar 2" e na solicitude de participación, coas contías globais de gasto que se detallan nos anexos adxuntos asinados polas entidades participantes no Pacto polo Emprego de Vigo.

TERCEIRA.- O desenvolvemento das actividades axustarase ao programa e á duración establecida no compromiso de participación aprobados anexos a este Convenio, o establecido na solicitude de participación, no Programa Operativo de Adaptabilidade e Emprego e o indicado na decisión de aprobación e nas instrucións que no seguimento do proxecto poidan aprobarse.

CUARTA.- Se no desenvolvemento do programa aparecesen circunstancias que aconsellen modificar os detalles e condicións establecidas neste convenio en relación coa participación no proxecto Imos Traballar, esta poderá ser aprobada polo Alcalde de Vigo logo de solicitude e xustificación da proposta, sempre que a devandita modificación non supoña incremento do importe total do convenio nin variación substancial do obxecto do proxecto aprobado polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

QUINTA.- Os membros de Asociación de Jovenes Empresarios de Vigo- AJE, Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra-APE, Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo-CCOO, Confederación de Empresarios de Pontevedra CEP, Confederación Intersindical Galega de Vigo -CIG e Unión Comarcal da UGT destinarán a realizar este proxecto, o persoal técnico necesario cualificado para o cumprimento dos obxectivos e funcións previstos no presente convenio.

O personal asignado será comunicado ao Concello de Vigo nos dez días seguinte a sinatura do presente convenio debendo achegar cada unha das entidades o perfil profesional.

Os membros de Asociación de Jovenes Empresarios de Vigo- AJE, Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra-APE, Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo-CCOO, Confederación de Empresarios de Pontevedra CEP, Confederación Intersindical Galega de Vigo -CIG e Unión Comarcal da UGT, están obrigados ao cumprimento das disposicións vixentes en materia fiscal, laboral, da Seguridade Social, de Seguridade e Hixiene no traballo e cantas outras disposicións en vigor lle sexan de aplicación.

SEXTA.- En todas as actividades de carácter público e en todo o material que se utilice tanto para a divulgación do proxecto como para a súa execución, adoptaranse as medidas de identificación, información e publicidade que se prevén no artigo 69 do Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, de 11 de xullo de 2006 e nos artigos 2 a 10 do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, de 8 de decembro sobre as actividades de información e publicidade que deben levar a cabo os Estados membros en relación coas intervencións dos Fondos Estruturais.

En calquera caso as actuacións en materia de información e publicidade que se acometan polas Entidades beneficiarias dirixidas tanto ao público en xeral como aos desempregados participantes nos proxectos, deberán indicar claramente a participación da Unión Europea (a través do Fondo Social Europeo) na cofinanciación dos mesmos.

O Concello de Vigo poderá utilizar libremente para os seus fins propios os produtos que se obteñan como consecuencia deste proxecto, para o que lles será facilitada unha copia no formato que se indique polos servizos técnicos do Concello.

SÉTIMA:-O Concello de Vigo cederá un financiamento por un montante total de vinte e catro mil euros , aos axentes sociais asinantes do II Pacto Local polo Emprego da cidade de Vigo para a execución no ano 2015 das actividades derivadas da participación na Comisión de Seguimento e Avaliación do II Pacto Local polo Emprego da cidade de Vigo asinado o 14 de outubro de 2013 e na Comisión de Análise e Avaliación de Boas Prácticas do proxecto I mos Traballar2,f inanciado polo Fondo Social Europeo, de acordo coa seguinte distribución:

a Asociación Provincial de Empresarias de Pontevedra -APE, non se lle cedera financiamento manifestando a entidade a súa vontade de participar nas actividades do II Pacto polo Emprego, sin executar gastos.

a Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo–AJE para que o designe ao financiamento das actividades do proxecto I mos Traballar2, a realizar na anualidade 2015, por importe de 4.800 euros co desglose por partidas e de acordo co programa e calendario de execución que se reflicten ANEXO I.

a Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo-CCOO para que o designe ao financiamento das actividades do proxecto I mos Traballar2, a realizar na anualidade 2015, por importe de 4.800 euros co desglose por partidas e de acordo co programa e calendario de execución que se reflicten ANEXO II.

a Confederación de Empresarios de Pontevedra- CEP para que o designe ao financiamento das actividades do proxecto I mos Traballar2, a realizar na anualidade 2015, por importe de 4.800 euros co desglose por partidas e de acordo co programa e calendario de execución que se reflicten ANEXO III.

a Confederación Intersindical Galega de Vigo-CIG para que o designe ao financiamento das actividades do proxecto I mos Traballar2, a realizar na anualidade 2015, por importe de 4.800 euros co desglose por partidas e de acordo co programa e calendario de execución que se reflicten ANEXO IV

a Unión Comarcal de UGT Vigo para que o designe ao financiamento das actividades do proxecto I mos Traballar2, a realizar na anualidade 2015, por importe de 4.800 euros co desglose por partidas e de acordo co programa e calendario de execución que se reflicten ANEXO V.

Aos efectos do abono de devandita cantidade as entidades Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo–AJE, Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo-CCOO, Confederación de Empresarios de Pontevedra CEP, Confederación Intersindical Galega de Vigo -CIG e Unión Comarcal da UGT, certificarán ante o Concello de Vigo a realización das accións conforme ao establecido no proxecto aprobado. Para o pago achegarase:

- A documentación acreditativa de estar ao día das súas Obrigacións Tributarias Es-tatais e Autonómicas e da Seguridade Social, e que non teñan pendente de pago ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública.*
- Una memoria da actuación asinada polo responsable da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos na que figurará a seguinte información:
 - o Unha memoria técnica detallada coas actividades desenvolvidas**

- o *Unha memoria económica con aportación dos xustificantes de gasto e pago que conterá as nóminas, seguros sociais e documentación acreditativa dos custos salariais do persoal asignado ao proxecto*
- *A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do Servizo de Promoción Económica e Emprego mediante a emisión dun informe que incorporará a cada Conta Xustificativa, no que se porá de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou daquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados.*
- *Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante impútese total ou parcialmente á subvención, e a contía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.*

OITAVA.- As entidades Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo –AJE, Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo-CCOO, Confederación de Empresarios de Pontevedra CEP, Confederación Intersindical Galega de Vigo -CIG e Unión Comarcal da UGT comprometéase a entregar ao Concello de Vigo unha certificación de gasto e pago das actividades realizadas con datas: 30 de xuño, e 30 de agosto de 2015

Unha vez comprobada que a certificación é correcta, o Concello de Vigo abonaralle en concepto de adianto as entidades: Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo –AJE, Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo-CCOO, Confederación de Empresarios de Pontevedra CEP, Confederación Intersindical Galega de Vigo -CIG e Unión Comarcal da UGT o importe correspondente á cantidade certificada.

NOVENA.- A xustificación dos gastos das accións realizadas polas entidades Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo –AJE Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo -CCOO, Confederación de Empresarios de Pontevedra CEP, Confederación Intersindical Galega de Vigo -CIG e Unión Comarcal da UGT, estará soportada en pezas contables que serán conservadas polas mesmas, tendo en conta todas as disposicións aplicables aos Fondos Estruturais en materia de elexibilidade, xestión e control, así como os sistemas de xestión e control establecidos pola autoridade de xestión do Programa, o Organismo intermedio e, no seu caso, os aprobados pola Comisión relativos á intervención.

Neste sentido, as entidades Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo-CCOO, Confederación de Empresarios de Pontevedra CEP, Confederación Intersindical Galega de Vigo -CIG e Unión Comarcal da UGT ,deberán:

- *Manter un sistema de contabilidade separada ou unha codificación contable adecuada de todas as transaccións relacionadas cos proxectos subvencionados a través destas axudas do FSE.*
- *Garantir a dispoñibilidade física da documentación xustificativa correspondente aos gastos elexibles certificados, durante o tempo previsto no artigo 90 do Regulamento (CE) N° 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006. e o artigo 19 do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, de 8 de decembro. A devanditos efectos conservaranse os orixinais dos documentos ou*

copias certificadas conformes cos orixinais sobre soportes de datos xeralmente aceptados.

DÉCIMA.- En calquera momento, durante a vixencia do Convenio, o Concello de Vigo poderá efectuar as comprobacións e realizar as inspeccións que estime convenientes ao obxecto de comprobar a realidade da execución do proxecto.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Calquera incumprimento das estipulaciones establecidas neste convenio, a entrega de documentación fraudulenta ou a desviación do obxecto do gasto para fins distintos dos estipulados no mesmo, terán carácter liberatorio para o Concello respecto dos compromisos contraídos coa entidade incumpridora, e dará lugar á rescisión automática do presente convenio coa entidade e á devolución das cantidades percibidas de acordo co Decreto 3/1997, de 9 de xaneiro polo que se regula o réxime de devolución de subvencións na Comunidade Autónoma de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- O convenio poderá ser denunciado polas partes, cun aviso previo de tres meses de anticipación. Neste caso, finalizaranse as actividades que estean realizándose, non podendo iniciarse ningunha desde a notificación do aviso previo.

DÉCIMO TERCEIRA.- O presente Convenio ten natureza administrativa, así, en caso de controversia sobre a interpretación e execución das cláusulas do mesmo, estas resolveranse por unha comisión formada por un representante de cada unha das partes asinantes e unha terceira persoa designada de común acordo por todas as partes asinantes. No suposto de diverxencias na interpretación e execución do mesmo, será a orde xurisdiccional contencioso-administrativo o competente para a súa resolución.

DÉCIMO CUARTA.- O presente convenio estará vixente desde o momento da súa sinatura ata o 30 de setembro de 2015.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(245).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO ANO 2015 DO “PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS”. EXPTE. 11612/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.02.15, o informe de fiscalización do 27.02.15, dáse conta do informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 9.02.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

A Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado dando continuidade a súa actividade de fomento, como medida de apoio ás persoas emprendedoras da nosa cidade, desenvolve o Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas, co obxecto de reforzar as axudas que convocan anualmente outras administracións cara ao emprendemento.

A Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, establece no seu artigo 3.3, apartado b), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, como é o caso

das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando desde exercicios anteriores nesta concellería; tamén establece no apartado c) que non entende como exercicio de novas competencias a modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais, que sería o caso e, finalmente, se sustenta na disposición adicional primeira pola que as competencias atribuídas as entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndose, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

Na presente convocatoria 2015, os beneficiarios destas axudas serán os/as empresarios/as individuais e as pequenas e medianas empresas, independentemente da súa forma xurídica, constituídas no período comprendido entre o 1 de abril de 2014 e o 31 de marzo de 2015 que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos nas bases reguladoras desta convocatoria que se achegan no expediente.

Nesta convocatoria, en xeral, se actualizan os datos, se estrutura e se incorporan frases, expresións ou termos ou se adaptan os textos co obxecto de clarificar o contido respecto ás convocatorias que lle preceden e coa finalidade de facilitar os trámites necesarios para a presentación da solicitude, así como axilizar a dilixencia e xestións administrativas para o outorgamento destas axudas.

Deste xeito, na Base 1.5 no relativo aos gastos subvencionables incorpórase o punto "e9. Gastos de difusión da actividade empresarial" para dar mellor cobertura aos gastos obxecto de subvención.

Así mesmo, na Base 1.6 relativa aos criterios de avaliación vólvese a ter en conta a situación social das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo, dándose preferencia aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral.

Por outro lado, na Base 3.2 modifícase a composición da Comisión de Valoración e Seguimento pasando de dous/dúas técnicos/as a un/unha técnico do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e, en consecuencia, se elimina a referencia de que estará "...formada por un número par de membros,...".

Para a convocatoria 2015 deste programa de Axudas Municipáis á Creación de Empresas destínase un montante total de 150.000 €, da partida orzamentaria 2410 470.00.01 "Axudas á creación de empresas" do vixente orzamento prorrogado do 2014.

A obrigada regulamentación para a concesión das citadas axudas pasa pola aprobación das bases reguladoras para a súa concesión.

Por todo o exposto, solicítase da Xunta de Goberno Local, previa informe xurídico e de Intervención Xeral respecto do crédito necesario para asumir o gasto, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases Reguladoras e a Convocatoria do ano 2015 do programa de Axudas Municipáis á Creación de Empresas da Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que se achegan no expediente.

SEGUNDO.- Aprobar a autorización de gasto por importe total de 150.000€ (CENTO CINCUENTA MIL EUROS), para a concesión das axudas establecidas nestas bases, con cargo á partida orzamentaria 2410 470.00.01 "Axudas á creación de empresas".

TERCEIRO.- Delegar no concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a representación do concello na tramitación e execución das Bases Reguladoras e convocatoria do ano 2015 do Programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe. As bases reguladoras transcribíense de seguido e os anexos, compostos de dezanove páxinas, constan no expediente.

PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA 2015

Base 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

- 1.1. Finalidade*
- 1.2. Beneficiarios/as*
- 1.3. Requisitos*
- 1.4. Obrigas*
- 1.5. Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables*
- 1.6. Criterios de avaliación*
- 1.7. Alteración das condicións de concesión das axudas*

Base 2ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Base 3ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

- 3.1. Instrución e tramitación das axudas*
- 3.2. Comisión de Valoración e Seguimento*

Base 4ª. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN

- 4.1. Solicitudes*
- 4.2. Documentación*
- 4.3. Prazo de presentación*

Base 5ª. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

Base 6ª. PUBLICIDADE

- 6.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.*
- 6.2. Publicidade das subvencións concedidas.*
- 6.3. Publicidade do financiamento público.*

Base 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Base 8ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCÍONS

Base 9ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Base 10ª. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Base 11ª. DISPOSICIÓN FINAL

ANEXOS

- ANEXO I. *Solicitud.*
- ANEXO II. *Declaración xurada do cumprimento dos requisitos.*
- ANEXO III. *Declaración xurada do cumprimento dos criterios de avaliación.*
- ANEXO IV. *Ficha de solicitud de transferencia bancaria.*
- ANEXO V. *Declaración xurada doutras axudas e de axudas en réxime de minimis.*
- ANEXO VI. *Autorización para obtención de datos do padrón municipal.*
- ANEXO VII. *Autorización para obtención de datos do padrón municipal do persoal contratado.*
- ANEXO VIII. *Memoria xustificativa do proxecto empresarial.*
- ANEXO IX. *Relación de facturas presentadas.*
- ANEXO X. *Declaración xurada de que as facturas presentadas son orixinais.*
- ANEXO XI. *Declaración xurada do perceptor.*

Base 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1. Finalidade

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar a concesión para o ano 2015 do programa de Axudas Municipais para a Creación de Empresas, no ámbito do Concello de Vigo. coa finalidade de colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais.

1.2. Beneficiarios/as

Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais e as pequenas e medianas empresas (PEME), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial entre o 1 de abril de 2014 e o 31 de marzo de 2015 (entendendo por inicio de actividade a alta no I.A.E.) que sexan viables técnica, económica e financeiramente e que cumpran coas obrigas e os requisitos establecidos. Para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido no Regulamento CE número 800/2008 da Comisión de 6 de agosto de 2008.

1.3. Requisitos

- Que a empresa teña o seu enderezo fiscal e social en Vigo.
- Que sexan empresas de nova creación, considerando incluídos, neste concepto, os traspasos de negocios.
- Que, como mínimo, un dos promotores estea en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial e crear, a lo menos, o seu propio posto de traballo en calquera das formas xurídicas existentes. No caso de ser varios promotores/as, é preciso que como mínimo o 50% do capital social da empresa sexa de titularidade de persoas en situación de desemprego.
- Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), nin a empresa nin os/as promotores/as.
- Non ter débedas co Concello de Vigo, nin a empresa nin os/as promotores/as.
- Que o/s promotor/es da empresa non desenvolveran igual ou similar actividade empresarial na mesma localidade, nos seis meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade.

- *Que ningún do/s promotor/es houbera recibido a subvención do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas do Concello de Vigo nos 4 anos anteriores á data de inicio da nova actividade.*
- *Non poderán obter a condición de beneficiario/a os/as empresarios/as e as pequenas empresas nos que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (nin a empresa nin os/as promotores/as).*

Na data límite de presentación das solicitudes os beneficiarios deberán cumprir os requisitos 1) 4) e 5) deste apartado. O incumprimento destes requisitos dará lugar á denegación da axuda, sen máis trámite.

Previo á data límite de presentación da solicitude desta axuda, será o solicitante quen de coñecer e, de ser necesario, regularizar a súa situación para o seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social e poder optar a esta axuda.

1.4. Obrigas

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas da empresa beneficiaria:

- *Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.*
- *Acreditar, no momento de presentación da solicitude, e sempre antes da data límite de presentación da solicitude da axuda, que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.*
- *Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.*
- *Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.*
- *O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración, a quen corresponderá a comprobación destas subvencións, e facilitará a ésta e á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o cal deberá conserva-los documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*

1.5. Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade. O importe máximo destas axudas será de 3.000€ por empresa beneficiaria e non poderá superar o 50% dos gastos efectuados durante o período indicado nin tampouco exceder da contía total do investimento inicial realizado polos promotores/as.

Os gastos que poderán ser subvencionables corresponderán aos tres meses anteriores e aos tres meses posteriores ao inicio da actividade, agás os gastos de constitución e apertura, que

poderán corresponder ao período comprendido dende os seis meses antes do inicio da actividade ata a data límite de presentación das solicitudes:

Gastos subvencionables:

a) Gastos de constitución e apertura

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa:

- a1. visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos*
- a2. licenza de obra e licenza de apertura*
- a3. alta no Rexistro Mercantil*
- a4. certificación negativa do nome da sociedade*
- a5. honorarios de notaría por escrituras públicas*
- a6. publicación no BORME*
- a7. Modelo 600 da Xunta de Galicia de constitución da empresa.*

b) Existencias iniciais de mercadorías.

Serán subvencionables o 50% da adquisición de primeiras compras de mercadorías, de materias primas e doutros consumibles utilizados no proceso de produción.

c) Gastos de aluguer:

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos de aluguer sempre que o elemento alugado sexa imprescindible para a realización da actividade da empresa:

- c1. local*
- c2. vehículo industrial*
- c3. aplicacións e equipos informáticos.*

Ademais do correspondente xustificante do gasto achegarase o documento acreditativo do contrato de arrendamento para o que se solicita subvención.

d) Primas de seguros

Serán subvencionables o 50% dos gastos da contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial (seguro do local, de responsabilidade civil e, como máximo, dun vehículo, só no caso de que sexa imprescindible para o desenvolvemento da súa actividade).

Ademais do correspondente xustificante do gasto achegarase o documento acreditativo de cada unha das pólizas concertadas para as que se solicita subvención.

e) Subministracións e gastos correntes

Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:

- e1. auga*
- e2. teléfono*
- e3. electricidade*
- e4. gasóleo / gasolina*
- e5. material de oficina*
- e6. asesoría*
- e7. gas*
- e8. equipos de seguridade nas súas instalacións (só a cota mensual)*

e9. gastos de difusión da actividade empresarial

f) Dereitos de propiedade industrial

Serán subvencionables o 50% dos seguintes dereitos:

- f1. patentes*
- f2. modelos de utilidade*
- f3. deseño industrial*
- f4. marcas de produtos ou servizos*
- f5. nomes comerciais*
- f6. dominio en Internet*

g) Imposto de vehículos de Tracción Mecánica (IVTM). Será subvencionable o 50% do custo do dito imposto. Só poderá subvencionarse un vehículo por empresa e sempre que sexa imprescindible para a actividade a desenvolver (transportista, comercial,...).

Todos os gastos referidos poderán ser computados sempre que as facturas estean expedidas a nome da entidade solicitante e non sexan emitidas por algún promotor da empresa.

Queda excluído destas axudas calquera outro gasto non incluído expresamente nos conceptos subvencionables anteriormente relacionados, e en ningún caso consideraranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

No caso de dúbida relativa a estes gastos será a Comisión de Valoración quen decida.

1.6. Criterios de avaliación

A concesión das axudas graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

1. Emprendedores/as co certificado do Concello de Vigo necesario para a súa cualificación como ILE ante a Xunta de Galicia e/ou que obtiveron a cualificación do Concello de Vigo como PEIM (10 puntos).

<i>Empresas que obtiveron o certificado emitido polo concello de ILE e/ou PEIM</i>	<i>10 puntos</i>
--	------------------

2. Situación social das persoas promotoras que crean o seu posto de traballo (ata 20 puntos).

Esta puntuación valorarase na medida na que se acredite que as persoas promotoras autoempregadas sexan pertencentes aos colectivos con maior dificultade de inserción no mundo laboral:

- Persoas desempregadas de longa duración ⁽¹⁾*
- Que sexa o seu primeiro emprego*
- Menor de 30 anos*
- Maior de 45 anos*
- Mulleres*
- Discapacitados/as⁽²⁾*
- Persoas pertencentes a colectivos en risco ou situación de exclusión social ⁽³⁾*
- Persoas que esgotasen a súa prestación de desemprego ou subsidio⁽⁴⁾*
- Persoas que formen unha familia monoparental ⁽⁵⁾*
- Persoas que formen unha familia numerosa ⁽⁶⁾*

Por cada condición que reúna cada unha das persoas promotoras autoempregadas	2 puntos
--	----------

3. Número de postos de traballo creados por conta propia ou allea de tres ou máis meses de duración (ata 10 puntos).

Por cada emprego creado, por conta propia ou allea a tempo completo de duración mínima de 3 meses	2 puntos
---	----------

No caso de xornadas parciais puntuarase na súa porcentaxe, sempre que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais.

4. Que as persoas promotoras autoempregadas e as persoas traballadoras contratadas por conta allea estean empadroadas no Concello de Vigo (ata 20 puntos).

Por cada persoa, promotora autoempregada e/ou contratada por conta allea, empadroada no Concello de Vigo	2 puntos
--	----------

5. Polo emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (2 puntos).

Para acadar puntuación neste criterio achegarase calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade, ...).

Emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa	2 puntos
--	----------

No caso de que o montante total das solicitudes debidamente presentadas supere o orzamento previsto na partida dedicada para tal fin, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme aos criterios de avaliación.

Para isto as solicitudes ordenaranse en forma descendente segundo a puntuación obtida tras a aplicación dos criterios de avaliación, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto no punto 1.5. destas bases, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

No caso de que dúas ou máis empresas acaden a mesma puntuación e só houbera crédito orzamentario para unha ou algunha delas terase en conta o seguinte criterio de desempate:

a) Terán preferencia as solicitudes que acaden unha puntuación máis alta no número de postos de traballo creados e no caso de persistencia da igualdade de puntuación terase en conta a puntuación máis alta respecto á situación social das persoas promotoras que se autoempreguen.

b) De continuar o empate, repartirase a contía dispoñible proporcionalmente segundo o importe que lles correspondería no caso de que houbera orzamento, todo iso sempre ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

⁽¹⁾ Considéranse parados/as de longa duración aqueles que estivesen sen traballo durante polo menos 12 dos anteriores 16 meses, se fosen maiores de 25 anos, e 6 dos últimos 8 se fosen menores de 25.

⁽²⁾ A acreditación do grao de discapacidade deberá presentarse de xeito documental.

⁽³⁾ A pertencencia aos colectivos en risco ou situación de exclusión social deberá acreditarse de xeito documental e a dita consideración integra aos seguintes colectivos:

1. Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia ou aquelas que non poidan acceder a ela, ben por falta do período esixido de residencia ou empadramento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido, ou membros da súa unidade familiar en desemprego.
2. Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.
3. Internos/as de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex-reclusos/as que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.
4. Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.
5. Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia.
6. Mulleres que abandonaran o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral e transexuais ou en procesos de reasignación sexual.
7. Menores internos cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os que estean en situación de liberdade vixiada e os exreclusos/as.
8. Mozos/as que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración Autonómica.
9. Traballadores/as inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade cuxas características condicionen a súa integración social.
10. Emigrantes retornados/as con graves necesidades persoais ou familiares.
11. Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.

⁽⁴⁾ Acreditaráse esta condición mediante a certificación do Servizo Público de Emprego Estatal do feito do esgotamento da prestación por desemprego de nivel contributivo e/ou do subsidio de desemprego e a data de remate da súa percepción.

⁽⁵⁾ Considerarase familia monoparental aquela que reúna as condicións da lei 3/2011 de 30 de xuño de apoio á familia e a convivencia de Galicia. A condición de familia monoparental acreditarase mediante o xustificante de empadramento conxunto que non será necesaria si presenta asinada a autorización do Anexo VI. No caso de familia monoparental empadroada noutro concello será necesario aportar o xustificante de empadramento conxunto do seu concello.

⁽⁶⁾ Considerarase familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003 de 18 de novembro de protección das familias numerosas. A condición de familia numerosa acreditarase mediante o título oficial establecido ao efecto.

1.7. Alteración das condicións de concesión das axudas

A empresa deberá manter a súa actividade e as condicións que deron lugar á concesión da subvención durante un mínimo de dous anos contados dende a data da resolución de concesión. A Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado poderá realizar as comprobacións que estime oportunas, ben mediante requirimento da documentación necesaria ou ben mediante visita á empresa, para os efectos de comprobar o cumprimento das obrigas establecidas neste punto.

Calquera alteración nas condicións iniciais tidas en conta para a concesión desta subvención deberá comunicárselle á Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado no prazo dun mes dende a súa modificación.

O cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención, salvo causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local, antes de que transcorrera un ano dende o inicio da actividade empresarial será causa de reintegro total da subvención. A partires deste ano, o cese da actividade ou a modificación das condicións da subvención, dará lugar ao reintegro da metade da subvención, salvo tamén causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local ou que o incumprimento das condicións se aproximara substancialmente ao cumprimento.

En todo caso, se a Administración municipal prezase mala fe ou fraude nos motivos do cese da actividade ou do cumprimento das condicións da subvención procederá ao reintegro do importe íntegro da subvención.

Base 2ª. EXCLUSIÓN E INCOMPATIBILIDADES.

O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- O importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas. En tal caso cando a actividade fose financiada con outros recursos deberá xustificarse o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.*
- Segundo o Regulamento UE Núm. 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L352/1, do 24 de decembro de 2013), cando se trate de axudas compatibles entre sí dadas en concepto de “minimis”, por calquera Administración pública e para calquera tipo de gasto, non poderá superarse en todo caso o límite de 200.000€ nun período de tres exercicios fiscais, ou 100.000€ no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada.*

Base 3ª. COMPETENCIA E PROCEDIMENTO DE TRAMITACIÓN

3.1. Instrución e tramitación das axudas

- O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local e tramitarse en réxime de concorrencia competitiva (a concesión das subvencións realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, en función dos criterios de avaliación recollidos na base 1.5 e conforme aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.*
- A Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado será a encargada da tramitación das solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, proporalle a concesión e denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.*

- *A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo sera publicado no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo, na páxina web do concello www.vigo.org, e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude.*

3.2. Comisión de Valoración e Seguimento

Existirá unha Comisión de Valoración das solicitudes e Seguimento das subvencións concedidas, que estará composta por:

- *Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.*
- *Xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, que actuará como secretario.*
- *Un/Unha técnico/a do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.*

A comisión contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo.

A Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado será a encargada de avaliar as solicitudes, e tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo, levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión de valoración e seguimento e a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado poderán requirirille aos/ás empresarios/as e/ou as pequenas e medianas empresas beneficiarias a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

Base 4ª. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN

4.1. Solicitudes

As solicitudes deberán presentarse necesariamente segundo o modelo normalizado Anexo I no Rexistro Xeral do concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e dirixiránse á Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

4.2. Documentación

As persoas interesadas presentarán a seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada):

–Anexo I. Solicitude en modelo normalizado.

- *Anexo II. Declaración xurada do cumprimento dos requisitos segundo o punto 1.2 e 1.3 da base 1ª da subvención.*
- *Anexo III. Declaración xurada do cumprimento dos criterios de avaliación segundo o punto 1.6 da base 1ª da subvención.*
- *Anexo IV. Ficha de solicitude de transferencia bancaria.*
- *Anexo V. Declaración xurada das axudas solicitadas e/ou concedidas.*
- *Anexo VIII. Memoria xustificativa do proxecto empresarial.*

- *Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Agencia Estatal de Administración Tributaria) da empresa e de todos os promotores.*
- *NIF da empresa, DNI dos promotores, copia do documento de constitución da empresa e copia da documentación acreditativa da representatividade suficiente para actuar en nome da entidade (no caso de varios promotores só precísase o DNI do representante da empresa e dos promotores que se autoempreguen). Cando a solicitante sexa persoa física, só terá que presentar copia do DNI ou NIE.*
- *Alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda ou documento equivalente.*
- *Alta no correspondente réxime da Seguridade Social e vida laboral das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo.*
- *Facturas dos gastos para os que se solicita a subvención, xunto coa poliza do seguro e contrato de aluguer, no seu caso. No caso de licenzas deberá indicar a cuantía aboada. Computaránse as facturas sempre que estean expedidas a nome da entidade solicitante e non sexan emitidas por algún promotor da empresa.*
- *Anexo IX. Relación de facturas presentadas, correspondentes aos gastos subvencionables recollidos na Base 1ª, apartado 1.5.*
- *Solicitud de licenza de apertura e/ou licenza de obras cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade.*

Documentación a presentar para a avaliación (punto 1.6 das bases):

- *Certificado emitido polo concello de ILE/PEIM, declaración da súa obtención ou número de expediente da súa concesión.*
- *Certificados ou documentos que demostren a situación social das persoas promotoras autoempregadas segundo o apartado 1.6 Criterios de avaliación. Para avaliar o empadramento é necesario presentar o xustificante de empadramento ou o Anexo VI. Autorización para solicitar información do padrón municipal.*
- *No caso de contratación de persoal por conta allea:*
 1. *DNI e vida laboral das persoas traballadoras contratadas.*
 2. *Contrato/s de traballo, debidamente rexistrado/s na correspondente oficina do Servizo Público de Emprego (SPE).*
 3. *Alta na Seguridade Social das persoas traballadoras.*
 4. *Volante de empadramento ou, no seu defecto, Anexo VII. Autorización para obtención de datos do padrón municipal do persoal contratado, para cada unha das persoas contratadas.*
- *Calquera medio que probe o emprego da lingua galega na realización das actividades propias da empresa (páxina web, publicidade, ...).*
- *Certificados e/ou documentos que a persoa solicitante estime oportunos para a súa avaliación.*

Non é necesario presentar compulsada a seguinte documentación: DNI, licenza de apertura e de obras, certificado emitido polo concello para a súa cualificación como ILE/PEIM nin os documentos asinados electrónicamente pola administración.

Cando a documentación achegada sexa incompleta ou defectuosa requiriráselle á empresa solicitante para que nun prazo improrrogable de dez días hábiles emende o erro ou aporte a documentación preceptiva, con indicación de que, se así non o facer, teráse por desistida da súa solicitude previa resolución ditada nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/1992, de 26 de

novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Toda a documentación deberá presentarse debidamente cuberta, con data, identificación da empresa e/ou da persoa solicitante e debidamente asinada. No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración quen decida.

4.3. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será a partir do día seguinte á data de publicación destas bases reguladoras e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e ata o 15 de xullo.

A documentación relativa aos proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo, previa solicitude por rexistro. Transcorrido o dito prazo, a administración municipal non estará obrigada a súa custodia.

Base 5ª. CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración.
- O prazo para resolver será, como máximo, de seis meses dende o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do concello.

Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución do procedemento publicarase no Taboleiro de Edictos e na páxina web do concello www.vigo.org e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude, no prazo de dez días dende a resolución de concesión ou denegación, segundo o artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As empresas adxudicatarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar dende o día seguinte ao da súa notificación a comunicar á Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderáse tácitamente aceptada.

Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas a que a empresa estea ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co concello e á presentación, da documentación seguinte para a xustificación da subvención, no prazo anteriormente sinalado:

a) Anexo X. Declaración xurada de que as facturas subvencionadas, relacionadas e presentadas son orixinais ou relación clasificada dos gastos totais, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago. Nas facturas se computará o gasto acreditado deducido o IVE, salvo que a entidade acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. A empresa beneficiaria poderá solicitar os datos necesarios para cubrir o dito anexo ao Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e presentaralo asinado e con data actualizada.

b) Facturas orixinais polo importe total da subvención outorgada. As facturas deberán conter os requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbanse o Regulamento polo que regulan as obrigas de facturación, das que cabe destacar as seguintes:

- Número e, no seu caso, serie.
- Data da súa expedición
- Nome e apelidos, razón ou denominación social completa de quen expide factura e do destinatario das operacións.
- Número de identificación fiscal do obrigado a expedir factura e do destinatario
- Enderezo do obrigado a expedir a factura e do destinatario das operacións
- Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base imponible, o imposto correspondente e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto das ditas operacións e calquera desconto ou rebaixa non incluído no prezo.
- O tipo impositivo ou tipos impositivos, no seu caso, aplicados ás operacións
- A cota tributaria que, no seu caso, repercute, consignada por separado
- Especificación, por separado, da parte de base imponible correspondente a cada unha das operacións documentadas na mesma factura nos casos indicados.

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, mediante un selo existente ao efecto no que se indicará a subvención para cuxa xustificación foron presentados e o importe exacto imputado á subvención.

c) Anexo V. Declaración xurada doutras axudas e de axudas en réxime de minimis, actualizada.

d) Anexo XI. Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

- *Cando se xustificuen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

e) Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e coa AEAT (Agencia Estatal de Administración Tributaria) da empresa e dos promotores. Non serán necesarios de continuar vixentes os certificados presentados na solicitude.

f) Fotografía do cartel informativo da subvención colocado nun lugar visible do local. O cartel informativo será suministrado polo Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituir a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

O prazo para a presentación desta documentación será de 10 días a contar dende o día seguinte ao da súa notificación da concesión da correspondente axuda.

Toda a documentación presentada deberá conter data, identificación da persoa solicitante e da empresa e a sinatura do seu representante.

O servizo xestor, Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención no momento do pago, sen prexuízo do seguimento do mantemento das condicións ou tratamento da subvención no prazo de dous anos esixidos.

Base 6ª. PUBLICIDADE

6.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2015 do programa de Axudas municipais á creación de empresas do Concello de Vigo publicarase no correspondente diario oficial, nos xornais de maior tirada da cidade e na páxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

As bases reguladoras e convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado (Casa do Concello – 4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

6.2. Publicidade das subvencións concedidas.

Todas as axudas que se concedan serán publicadas, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org, expostas no Taboleiro de Edictos do Concello de Vigo e poderase notificar, de xeito individual, no correo electrónico indicado na solicitude.

6.3. Publicidade do financiamento público.

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Vigo. O modelo normalizado do cartel será subministrado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Coa presentación da solicitude de subvención a entidade interesada autoriza expresamente a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado para que, de acordo co establecido nos números 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no BOP e na súa páxina web oficial, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputan, a entidade beneficiaria, a contía concedida e a finalidade da subvención.

Base 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais que deban facilitar os/as solicitantes das axudas ó serán aos efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter as ditas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos a Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

Base 8ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN.

8.1. Perda do dereito ao cobro:

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

8.2. Renuncia:

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

8.3. Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de demora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Base 9ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polo Orzamento prorrogado de 2014; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Base 10ª. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470.00.01 "Axudas á creación de empresas" do presuposto municipal para o ano 2015, cun importe total de 150.000€.

Segunda

A presente convocatoria e as axudas outorgadas ao abeiro dela cumprirán as directrices establecidas na comunicación da Comisión relativa ás axudas de "minimis".

Base 11ª. DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor a data seguinte á da súa aprobación en Xunta de Goberno Local.

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

13(246).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA AS OBRAS DE "MELLORAS E RENOVACIÓN DE EQUIPAMENTOS EN PISTA DEPORTIVA DE PRAZA MESTRE PRUDENCIO RODRÍGUEZ DIOS-1". EXPTE. 7944/446.

Visto o informe do asesor xurídico do Área de fomento, do 27.02.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 25.02.15, conformado polo delegado de Parques e Xardíns, que di o seguinte:

Obra: "MELLORAS E RENOVACIÓN DE EQUIPAMENTOS EN PISTA DEPORTIVA DE MESTRE PRUDENCIO RODRÍGUEZ DIOS 1". Expte. 7759/446

Localidade e situación: Alameda Mestre Prudencio Rodríguez Dios (Coia)

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. LUIS VILAR MONTORO (VILAR MONTORO INGENIERÍA, SL.).

Dirección facultativa: DNA. MARÍA FERREIRO NÚÑEZ

Contratista titular do plan: IMA PRODUCTOS TÉCNICOS, SL.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. LUIS VILAR MONTORO (VILAR MONTORO INGENIERÍA, SL.).

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: Liliana Mouteira Salgado

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou compoñentes da dirección facultativa da obra: Roberto Pérez Prol

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propor a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra “MELLORAS E RENOVACIÓN DE EQUIPAMENTOS EN PISTA DEPORTIVA DE MESTRE PRUDENCIO RODRÍGUEZ DIOS 1”.

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria IMA PRODUCTOS TÉCNICOS S. L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(247).- PROGRAMA DE TRABALLO E PLAN DE CALIDADE DAS OBRAS “HUMANIZACIÓN DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE AVDA. CAMELIAS E RÚA MENÉNDEZ PELAYO”. EXPTE. 2862/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 24.02.15, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos de dita Área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 7 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras

do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE AVDA. CAMELIAS E RÚA MENÉNDEZ PELAYO". EXPTE. 2678/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE AVDA. CAMELIAS E RÚA MENÉNDEZ PELAYO". EXPTE. 2678/440, a favor da mercantil UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA E CONSTRUCCIONES ÁNGEL JOVE, SAU., por un prezo total de 490.770,00 euros (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local, na sesión e urxente do 20 de xaneiro de 2015, entre outros asuntos acordou nomear a D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ como Directores Facultativos para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE AVDA. CAMELIAS E RÚA MENÉNDEZ PELAYO". EXPTE. 2678/440.

Con data 30 de decembro de 2014 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación das citadas obras coa mercantil UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA E CONSTRUCCIONES ÁNGEL JOVE, SAU.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 20 de xaneiro de 2015, entre outros asuntos acordou nomear a D. JUAN COSTAS FERNÁNDEZ como Coordinador de Seguridade e Saúde para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE AVDA. CAMELIAS E RÚA MENÉNDEZ PELAYO". EXPTE. 2678/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 26 de xaneiro de 2015, entre outros asuntos acordou aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e dar conta do Plan de Xestión de Residuos para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE AVDA. CAMELIAS E RÚA MENÉNDEZ PELAYO". EXPTE. 2678/440.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 144 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 1.) que "cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato".

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente para a execución das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE AVDA. CAMELIAS E RÚA MENÉNDEZ PELAYO". EXPTE. 2678/440, define no punto 4, da cláusula 1), que entre as funcións do director facultativo atopanse as de:

- Informar o programa de traballo presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación.
- Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do cumprimento do mesmo.

En base ao exposto, a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, previo informe da dirección facultativa, deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación ao citado expediente a mercantil UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA E CONSTRUCCIONES ÁNGEL JOVE, SAU. como adxudicataria da execución das obras presenta os seguintes documentos:

- Programa de traballo presentado polo adxudicatario con data 21-01-2015
- Plan de calidade presentado polo adxudicatario con data 21-01-2015

Con data 24-02-2015 a dirección facultativa formada por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 20 de xaneiro de 2015, informa de conformidade os citados documentos.

En conclusión cos antecedentes descritos, procede a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, que conta co informe favorable da dirección facultativa.

Polo exposto propónse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación das seguintes propostas:

Primeiro: Aprobar o programa de traballo e o plan de calidade, presentados pola mercantil UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA E CONSTRUCCIONES ÁNGEL JOVE, SAU. con data 21-01-2015 e 21-01-2015 respectivamente e de acordo co informe favorable aos mesmos de data 24-02-2015 asinados por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ como directores facultativos nomeados para as obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE AVDA. CAMELIAS E RÚA MENÉNDEZ PELAYO". EXPTE. 2678/440.

Segundo: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE AVDA. CAMELIAS E RÚA MENÉNDEZ PELAYO". EXPTE. 2678/440.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(248).- PROGRAMA DE TRABALLO E PLAN DE CALIDADE DAS OBRAS "HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES". EXPTE. 2863/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 24.02.15, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos de dita Área, que di o seguinte:

1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 14 de novembro de 2014, entre outros asuntos acordou a aprobación do expediente de contratación para a execución das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES". EXPTE. 2757/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 30 de decembro de 2014, entre outros asuntos acordou a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES". EXPTE. 2757/440, a favor da mercantil PETROLAM A VEIGA, SL., por un prezo total de 418.525,99 euros (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 26 de xaneiro de 2015, entre outros asuntos acordou nomear a D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ como Directores Facultativos para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES". EXPTE. 2757/440.

Con data 30 de decembro de 2014 o Concello de Vigo formaliza o contrato de adxudicación das citadas obras coa mercantil PETROLAM A VEIGA, SL.

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 26 de xaneiro de 2015, entre outros asuntos acordou nomear a D. OSCAR PEREIRO TAIBO como Coordinador de Seguridade e Saúde para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES". EXPTE. 2757/440.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2015, entre outros asuntos acordou aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e dar conta do Plan de Xestión de Residuos para a obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES". EXPTE. 2757/440.

2.- Fundamentos xurídicos:

O artigo 144 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece no seu punto 1.) que "cando se estableza expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares, e sempre que a total execución da obra estea prevista en máis dunha anualidade, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo no prazo máximo de trinta días, contados desde a formalización do contrato".

O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente para a execución das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES". EXPTE. 2757/440, define no punto 4, da clausula 1), que entre as funcións do director facultativo atopanse as de:

- Informar o programa de traballo presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación.
- Informar o plan de calidade presentado polo contratista e propoñer a súa aprobación ao órgano de contratación, así como a realización de funcións de revisión e supervisión do cumprimento do mesmo.

En base ao exposto, a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, previo informe da dirección facultativa, deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación.

3.- Proposta:

En relación ao citado expediente a mercantil PETROLAM A VEIGA, SL. como adxudicataria da execución das obras presenta os seguintes documentos:

- Programa de traballo presentado polo adxudicatario con data 09-12-2014
- Plan de calidade presentado polo adxudicatario con data 29-01-2015

Con data 24-02-2015 a dirección facultativa formada por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ de acordo co nomeamento aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 26 de xaneiro de 2015, informa de conformidade os citados documentos.

En conclusión cos antecedentes descritos, procede a aprobación do programa de traballo, así como o plan de calidade, que conta co informe favorable da dirección facultativa.

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación a aprobación das seguintes propostas:

Primeiro: Aprobar o programa de traballo e o plan de calidade, presentados pola mercantil PETROLAM A VEIGA, SL. con data 09-12-2014 e 29-01-2015 respectivamente e de acordo co informe favorable aos mesmos de data 24-02-2015 asinados por D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ como directores facultativos nomeados para as obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES". EXPTE. 2757/440.

Segundo: Do presente acordo darase traslado á empresa adxudicataria das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES". EXPTE. 2757/440.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(249).- DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DO EXPEDIENTE DISCIPLINARIO 40762/212 E INCOACIÓN DUN NOVO EXPEDIENTE. EXPTE. 43378/212.

Dáse conta do informe-proposta do instrutor do referido expediente disciplinario, do 13.03.15, conformado polo concelleiro delegado de Seguridade, Mobilidade e Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- O pasado 6 de xuño de 2014, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, expte. 40762/212, Acordou:

" 1º.- Ordenar a incoación de expediente disciplinario contra o funcionario de Policía Local con NIP 294527, pola condena en virtude de sentenza firme nº 30/2014, do Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 1 de Ponteareas no procedemento Dilixencias Urxentes/ Xuizo Rápido 136/2014, como autor responsable de sendos delitos de lesións e ameazas no ámbito de violencia de xénero en domicilio común a penas de 6 meses de prisión, 962 días de privación do dereito á tenencia e porte de armas, e demais penas que se dispoñen no fallo da precitada sentenza.

Os feitos poden ser constitutivos dunha falta disciplinaria moi grave, tipificada no art. 79, b) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policía Local de Galicia:

" Ser condenado, en virtude de sentenza firme, a pena privativa de liberdade, como autor dunha conduta constitutiva de delito doloso relacionada con servizo ou que cause grave dano á administración ou aos administrados."

A sanción prevista, de conformidade co disposto no art. 83 é a de separación do servizo ou suspensión de funcións por máis dun ano e ata tres anos.

II.- A efectos da tramitación do expediente, nomear instrutor do procedemento ao Inspector Principal da Policía Local de Vigo D. Alberto Freire Estévez e secretario ao Inspector do mesmo Corpo, D. Francisco Javier Álvarez Ferreira.../..."

III.- Feitas as notificacións do Acordo e demais trámites procedimentais, o expediente disciplinario atópase actualmente, pasados máis de seis meses dende aquél, na fase procedimental de notificación da proposta de resolución.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

Primeiro.- De conformidade co previsto no art. 131 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policía Local de Galicia, transcurridos seis meses desde a data do acordo de incoación do expediente sen recaer resolución prodúcese a caducidade do expediente.

O art. 92.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de aplicación supletoria nas cuestións procedimentais (art. 118 do Decreto 243/2008 en relación cos arts. 1 e 15 do Decreto 94/1991, de 20 de marzo, polo que se aproban o Regulamento de réxime disciplinario da Función Pública da Comunidade Autónoma de Galicia) establece para a caducidade os efectos de non producir por sí sola nin a prescripción das accións nin interromper tampouco o seu prazo.

Dado que o prazo de prescripción establecido pola Lei 4/2007 para as faltas moi graves é de tres anos (art. 85), procede a incoación dun novo expediente disciplinario polos mesmos feitos e contra o mesmo funcionario.

Segundo.- De conformidade co disposto no artg. 127.1 h) da Lei 7/85 de base do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia en materia de "réxime disciplinario".

Terceiro.- Dacordo co art. 120 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro polo que se desenvolve a Lei 4/2007, na mesma resolución de incoación do procedemento hase nomear instructor e secretario para a tramitación.

O nomeamento de Instructor debe recaer, de conformidade coa disposición reglamentaria, en persoal funcionario pertencente á categoría ou escala superior á do presunto infractor, procurando que o nomeamento recaiga en persoal funcionario das escalas superior e técnica cando existan.

En virtude de canto antecede o funcionario que suscriben ven en propoñer ao Concelleiro Delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO

1º.- Declarar a caducidade do expediente disciplinario 40762/212 ao funcionari de policía con carné nº 294527, incoado por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 6 de xuño de 2014, con arquivo das actuacións levadas a cabo.

2º.- Dado que a infracción imputada non está prescrita, Ordénase a incoación nun novo expediente disciplinario contra o funcionario de Policía Local con NIP 294527 pola condena, en virtude de sentenza firme nº 30/2014, do Xulgado de 1ª Instancia e Instrucción nº 1 de Ponteareas no procedemento Dilixencias Urxentes/ Xuizo Rápido 136/2014, como autor responsable de sendos delitos de lesións e ameazas no ámbito de violencia de xénero en domicilio común a penas de 6 meses de prisión, 962 días de privación do dereito á tenencia e porte de armas, e demais penas que se dispoñen no fallo da precitada sentenza.

Os feitos poden ser constitutivos dunha falta disciplinaria moi grave, tipificada no art. 79, b) da Lei 4/2007, do 20 de abril, de Coordinación de Policía Local de Galicia:

“ Ser condenado, en virtude de sentenza firme, a pena privativa de liberdade, como autor dunha conduta constitutiva de delito doloso relacionada con servizo ou que cause grave dano á administración ou aos administrados.”

A sanción prevista, de conformidade co disposto no art. 83 é a de separación do servizo ou suspensión de funcións por máis dun ano e ata tres anos.

3º.- Nomear instrutor do procedemento ao Inspector Principal da Policía Local de Vigo D. Alberto Freire Estévez e secretario ao Inspector do mesmo Corpo, D. Francisco Javier Álvarez Ferreira.

4º.- Notificar o presente Acordo ao instrutor, secretario e ao funcionario de policía expedientado, aos efectos legalmente previstos.

Notifíquese asimesmo, ao Servizo de Persoal e á Xunta de Persoal

5º.- A efectos da súa tramitación, ordenar a incorporación das actuacións practicadas no expediente 40762/212.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(250).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE SETEMBRO DE 2014 E XANEIRO DE 2015. EXPTE. 26247/220.

Visto o informe de fiscalización do 3.03.15, dáse conta do informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 27.02.15, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Segundo se establece no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

Recíbense no Servizo de Recursos Humanos os documentos que a continuación se relacionan, nos que as xefaturas dos distintos servizos, co conforme do concelleiro/a delegado/a da área correspondente, relacionan o persoal que realizou exceso de xornada nos meses de setembro-2014 e xaneiro-2015 (Alcaldía, Extinción Incendios, Policía Local, Inspección Vías e Obras, Ospio, Vías e Obras, Benestar Social, Parque Central, Museo, Montes, Parques e Xardíns, Parque Móbil e Turismo).

Nº DOCUMENTO	SERVIZO	MES	Nº HORAS	EXPT. AUTORIZACION
150014584	Alcaldía (Condutores)	Xaneiro-2015	205'00	
150013154	Extinción de Incendios	Xaneiro-2015	661'00	
150016301	Policia Local (Xulgados)	Xaneiro-2015	632'00	
150016299	Policia Local (Horas en exceso)	Xaneiro-2015	300'50	
140118335	Inspección Vías e Obras	Setembro-2014	83'00	25367/220
150014063	Ospio	Setembro-2014	56'00	25373/220
140158453	Vías e Obras	Agosto-2014	10'00	25366/220
150010293		Setembro-2014	150'00	
150016464		Setembro-2014	45'00	
150013228		Setembro-2014	32'00	
150016380	Benestar Social	Agosto-2014	27'00	99875/301
150016384	Benestar Social	Setembro-2014	16'00	
150000715	Parque Central	Agosto-2014	37'00	25462/220
150013218		Setembro-2014	40'00	
150016460		Setembro-2014	48'00	
150013481	Museo	Setembro-2014	13'00	25452/220
150008396	Montes, Parques e Xardíns	Agosto-2014	16'00	
150013548		Setembro-2014	27'00	
150016456	Parque Móbil	Setembro-2014	52'00	25397/220
150015332	Turismo	Setembro-2014	16'00	5271/104

Nos documentos remitidos indícase nome, numero de persoal , servizo ao que esta adscrito o empregado municipal, data de realización do exceso de xornada, intervalo horario, lugar e motivo e número de horas en exceso realizadas. Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas.

Así mesmo, todo o exceso de xornada remitido, conta coa resolución do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de autorización de realización das mesmas.

Nas devanditas Resolucións, no seu punto II, se indica que:

“Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do numero de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, estas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación”

Nas relacións correspondentes ao Servizo da Policia Local e Servizo de Extinción de Incendios, polas súas especiais características, non se esixe a autorización previa. No caso do Servizo da

Policía Local , amais do exceso de xornada realizado remítense os listados correspondentes a asistencia a xulgados do persoal do servizo.

Inclúense no expediente relacións cuantificadas das horas de asistencia a xulgado, prolongación de xornada laboral e, nocturnidade e festividade por cuadrante, figurando as datas, motivo e nº de horas do exceso de xornada realizado persoal do Servizo da Policía Local.

Nas relacións do persoal que forman parte do expediente 26247-220 e que se corresponden cos Documento 150014584 (Alcaldía), Documento 150013154 (Extinción de Incendios), Documento 150016301 (Policía Local- Xulgados), Documento 150016299 (Policía Local-Horas en exceso), Documento 140118335 (Inspección Vías e Obras), Documento 150014063 (Ospio), Documentos 140158453, 150010293, 150016464 e 150013228 (Vías e Obras), Documentos 150000225 e 40145887 (Limpeza), Documento 150000219 (Parque Central), Documento 150016380 e 150016384 (Benestar Social), 150000715, 150013218 e 150016460 (Parque Central), 150013481 (Museo), Documento 150008396 e 150013548 (Montes, Parques e Xardíns), Documento 150016456 (Parque Móbil) e Documento 150015332 (Turismo) figuran o servizo ao que estan adscritos os empregados municipais, nome e apelido, número de persoal, posto, data, intervalo horario, lugar e motivo do exceso de xornada.

Pola Tesourería Municipal liquidáronse as cantidades que corresponden e que ascenden a un total de 24.100'39 €, con arreglo o previsto na disposición transitoria 6ª.3ª do Acordo regulador e as directrices contidas no antecedente da presente resolución, para a súa posterior inclusión na nómina de cada un dos interesados.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, e o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de diciembre e nos arts. 213 a 222 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo de Facendas Locais, así como nas bases de execución dos orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 920.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal que figura nas relacións que forman parte do expediente, asinadas polos respectivos xefes e servizo e conformadas polos concelleiros-delegados das Áreas correspondentes, dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	MES	Nº HORAS	APELIDOS E NOME
Alcaldía (Condutores)	Xaneiro-2015	205'00	De Vázquez Martínez, Manuel a Fontán Balbuena, Camilo
Extinción de Incendios	Xaneiro-2015	661'00	De Alonso Abalde, Manuel a Villar Gutierrez, Alberto
Policía Local (Xulgados)	Xaneiro-2015	632'00	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo
Policía Local (Horas en exceso)	Xaneiro-2015	300'50	De Alonso Couñago, César a Vidal Trigo, Antonio
Inspección Vías e Obras	Setembro-2014	83'00	De Barciela Simón, Benito a Matilde Viñas, J. Eugenio
Ospio	Setembro-2014	56'00	De Ferro Macho, Ángel a Vázquez Rial, Ramón
Vías e Obras	Agosto-2014	10'00	De Amoedo Cabaleiro, José Luis a
	Setembro-2014	150'00	Rodríguez Lestón, Bernardo
	Setembro-2014	45'00	

	Setembro-2014	32'00	
Benestar Social	Agosto-2014	27'00	De Cruces Fernández, Montserrat a
Benestar Social	Setembro-2014	16'00	Durán Cabobianco, Higinio
Parque Central	Agosto-2014	37'00	De Alonso Alonso, Miguel Ángel a
	Setembro-2014	40'00	Troncoso Martínez, Avelino
	Setembro-2014	48'00	
Museo	Setembro-2014	13'00	De Vázquez Martínez, Ramón
Montes, Parques e Xardíns	Agosto-2014	16'00	De Maia Pereira, Antonio da a
	Setembro-2014	27'00	Sánchez Vicente, Gerardo
Parque Móbil	Setembro-2014	52'00	De Alonso González, Ángel a
			Romero Cobas, José Luis
Turismo	Setembro-2014	16'00	De Rodríguez Bastos, Enrique

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(251).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE VIXILANCIA DA SAÚDE. EXPTE. 26264/220.

Visto o informe de fiscalización do 3.03.15, dáse conta do informe-proposta da xefa da técnica de prevención de Riscos Laborais, do 17.02.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, a concelleira delegada de Facenda e o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Antecedentes

En data 29 de marzo de 2011 foi suscrito contrato entre a Concelleira-delegada da Área de Contratación do Concello de Vigo e a representación legal de Sociedad de Prevención de Fremap, S.L. para a prestación do servizo de vixilancia da saúde ao persoal do Concello de Vigo, previa adxudicación do mesmo por acordo da Xunta de Goberno Local en reunión de data 7 de marzo de 2011 resolutorio do procedemento aberto convocado ao efecto (Exp. 20247/220).

Na punto 7 das FEC (follas de características do contrato) do prego de cláusulas administrativas particulares "Prazo de execución e prórroga" determínase expresamente o prazo de vixencia do contrato de catro anos, prorrogables por dous anos máis. O contrato para a prestación deste servizo foi asinado o 29 de marzo de 2011, e a prestación do servizo comezou, de acordo co punto 1 das cláusulas deste contrato, o 1 de abril de 2011, co que finaliza o 31 de marzo de 2015.

A cláusula 6 do Prego de cláusulas administrativas fai referencia á 9.2 das Fec, segundo a cal "Procederá a primeira revisión de prezos transcurrido un ano dende a data de adxudicación do contrato e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no periodo que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres meses dende a finalización do prazo de presentación de ofertas ou respecto da data en que termine o dito prazo de tres meses se a adxudicación se produce con posterioridade. As seguintes revisións faranse transcurrido un ano dende a inmediata anterior e recollerá o 85% da variación que experimente o IPC nacional no periodo comprendido entre a data de revisión de prezos e a da revisión inmediatamente anterior."

A empresa adxudicataria do servizo, Sociedad de Prevención de FREMAP, S.L. non solicitou nunca esta revisión de prezos, e o Servizo de Intervención comunica ao servizo de Recursos Humanos que nos catro anos de contrato non se produciu a revisión de prezos, polo que, tal e como se recolle no capítulo II da LCSP se procede a realizala de oficio.

O prezo total do contrato para os 4 anos era de 558.000 €, é dicir, de 139.500 € por ano. A adxudicación produciuse o 7 de marzo e o último día de presentación de ofertas foi o 19/01/2011, polo que a fórmula de revisión de prezos é, para a primeira revisión, de marzo 2011 (07/03/2011) a marzo 2012 (31/03/2012), para a segunda de marzo 2012 (01/04/2012) a marzo 2013 (31/03/2013), e para a terceira revisión de marzo 2013 (01/04/2013) a marzo 2014 (31/03/2014).

Período contrato	Prezo	IPC nacional (período)	0,85% do IPC	Atrasos
01/04/2011 a 31/03/2012	139.500 € / ano			-
01/04/2012 a 31/03/2013	141.759,90 € / ano	1,9% (de marzo 2011 a marzo 2012)	1,62%	2259,90 € / ano
01/04/2013 a 31/03/2014	144.651,80 € / ano	2,4% (de marzo 2012 a marzo 2013)	2,04%	2891,90 € / ano
01/04/2014 a 31/03/2015	144.521,61 € / ano	-0,1% (de marzo 2013 a marzo 2014)	-0,09%	-130,19 € / ano

Do último período terase en conta unicamente dende o 01/04/2014 a 28/02/2015, pois o mes de marzo a empresa o facturará conforme a cantidade xa revisada.

En consecuencia do anteriormente exposto existen atrasos a favor de empresa adxudicataria (Sociedad de Prevención FREMAP (CIF B-84412683)- Expdte. 20247/220) nos seguintes importes:

Atrasos	Período abril 2012 a marzo 2013	Período abril 2013 a marzo 2014	Período abril 2014 a febreiro 2015	Total
1ª revisión	2.259,90 €	2.259,90 €	2.071,58 €	6.591,38 €
2ª revisión		2.891,90 €	2.650,91 €	5.542,81
3ª revisión			-119,34	-119,34
				12.014,85 €

A partir do mes de marzo de 2015 a factura mensual será de 12043,47 €.

O gasto indicado farase con cargo á partida 2210.1600800 (ASISTENCIA MÉDICA DO PERSOAL).

En consecuencia, vistas as competencias que ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o establecido no artigo 127,1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro; previa a preceptiva

fiscalización do gasto proposto nos termos do establecido nos artigos 213 a 223 do RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; pola presente a funcionaria que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servicio de RRHH, eleva á Xunta de Goberno Local as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a primeira revisión de prezos do contrato de vixilancia da saúde polo período de revisión marzo 2011 a marzo 2012 correspondente ao período de facturación 01/04/2012 a 31/03/2013, quedando o importe do contrato deste período en 141.759,90 € / ano.

Segundo.- Aprobar a segunda revisión de prezos do contrato de vixilancia da saúde polo período de revisión marzo 2012 a marzo 2013 correspondente ao período de facturación 01/04/2013 a 31/03/2014, quedando o importe do contrato deste período en 144.651,80 € / ano.

Terceiro.- Aprobar a terceira revisión de prezos do contrato de vixilancia da saúde polo período de revisión marzo 2013 a marzo 2014 correspondente ao período de facturación 01/04/2014 a 31/03/2015, quedando o importe do contrato deste período en 144.521,61 € / ano.

Cuarto.- Recoñecer en concepto de atrasos, pola primeira, segunda e terceira revisión de prezos, polo período comprendido entre o 01/04/2012 e o 28/02/2015 os seguintes importes:

Atrasos	Período abril 2012 a marzo 2013	Período abril 2013 a marzo 2014	Período abril 2014 a febreiro 2015	Total
1ª revisión	2.259,90 €	2.259,90 €	2.071,58 €	6.591,38 €
2ª revisión		2.891,90 €	2.650,91 €	5.542,81
3ª revisión			-119,34	-119,34
				12.014,85 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(252).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A FAVOR DE REGUENGA PICOUTO S.L. EXPTE. 91927/210.

Dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade, do 11.02.15, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

En data 14 de setembro de 2011 por parte de Reguenga Picouto, S.L., constituíuse un aval de 30.000 € para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública na Praza da Princesa, 5 (expte 81099/210).

Finalizada dita reserva especial de vía pública Reguenga Picouto, S.L., en data 29 de xaneiro de 2015 solicita a devolución do aval constituído a tal efecto.

En data 02 de febreiro de 2015, o Enxeñeiro Técnico Municipal, informa que se pode proceder á devolución do aval por non producir danos na vía pública.

En data 10 de febreiro de 2015, o Interventor informa sobre a inexistencia de inconveniente para que se devolva a Reguenga Picouto, S.L., a garantía constituída.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 14 de setembro de 2011 por Reguenga Picouto, S.L., con NIF B32304396, por un importe de 30.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública na Praza da Princesa, 5, por non producirse danos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(253).- PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS DE RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA ROBLEDA, ENTRE OS NÚMERO 52 E 60. EXPTE. 3057/440.

Visto o informe de fiscalización do 3.03.15, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 23.02.15, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos de dita Área, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local de data 26 de xaneiro de 2015, previo informe técnico do enxeñeiro municipal de data 23 de xaneiro de 2015 e orde de servizo do Sr. Concelleiro da Área de Fomento da mesma data, acordou encargar á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga a redacción do memoria valorada de "Renovación da rede de saneamento na Rúa Robleda, entre os números 52 e 60".

II.- En cumprimento de dito acordo en data febreiro de 2015, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA-FCC" - no sucesivo a Concesionaria- presentou memoria valorada redactada por D. Luis Vilar Montoro da Ingeniería Vilar Montoro cun orzamento de 26.952,88 € (IVE excluído)

III.- Coa mesma data, a Concesionaria presenta detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 628,53 euros, IVE excluído.

Fundamentos Xurídicos

Primeiro.- O acordo sobre prórroga da concesión administrativa da xestión integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento da Auga adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do 21 de novembro de 2011, contiña o compromiso da Concesionaria de levar a cabo un plan de investimentos valorado por anualidades. No mesmo se contemplaba que as actuacións derivadas do mesmo se concretarían nos proxectos técnicos que se consideren de urxencia e execución inaprazable, acordados pola Xunta de Goberno Local previo informe dos servizos técnicos municipais, co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento. Dentro dos investimentos a realizar na anualidade de 2014, encomendouse á Concesionaria a redacción do presente proxecto.

Para garantir un nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 8 de marzo de 2013, aprobou un protocolo de control das obras inherentes aos distintos plans de investimentos da concesión. Por isto, sen perxuízo de encomendar á Concesionaria a redacción do proxecto, prevé que o mesmo sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local (a proposta da súa dirección técnica, que deberá contar co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento), que será tamén quen ordee á Concesionaria a inclusión da actuación no plan de investimentos e a tramitación do expediente de contratación.

Segundo.- O proxecto técnico constitúe un elemento esencial no contrato de obras en canto define o obxecto do mesmo. Neste caso o obxecto son as obras de "Renovación da rede de Saneamento na Rúa Robleda, entre os números 52 e 60".

O artigo 123 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP) determina o contido obrigatorio dos proxectos. Ao respecto, consta no expediente informe favorable da oficina de supervisión de proxectos emitido polo enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, o 23 de febreiro de 2015, no que indica que a documentación do proxecto está completa, tendo en conta as disposicións xerais de carácter legal así como a normativa técnica de aplicación. Ao expediente debe incorporarse o replanteo do proxecto unha vez aprobado o mesmo.

Terceiro.- Respecto aos prezos das unidades de obra, a Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de marzo de 2013 aprobou o cadro de prezos ao que quedan suxeitos a elaboración dos orzamentos que conformen os proxectos que se executen no plan de investimentos asociados á prórroga.

No informe técnico de supervisión do proxecto emitido polo referido enxeñeiro municipal en data 23 de febreiro de 2015 consta que os prezos unitarios incluídos no proxecto son adecuados para a execución do contrato, e se axustan ao referido cadro de prezos e tamén aos prezos xerais do mercado.

Cuarto.- Respecto aos custos asociados ao proxecto presentados pola Concesionaria, consta no expediente informe do enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, de data 23 de febreiro de 2015, indicando que as porcentaxes relativas aos honorarios dos traballos de redacción de proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde respecto do PEM do proxecto correspóndense cos ratios que utiliza a Área de Fomento aprobados pola Xunta de Goberno Local o 8 de marzo de 2013.

Quinto.- Previamente a someter o proxecto á Xunta de Goberno Local o mesmo debe ser remitido á Intervención municipal, en cumprimento do previsto no artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a memoria valorada dass obras de RENOVACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA RÚA ROBLEDA, ENTRE OS NÚMEROS 52 E 60, por un importe total de 26.952,88 euros (IVE excluído), con cargo ao Plan de Investimentos recollido no acordo de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

Segundo.- Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 628,53 euros con exclusión do IVE, de acordo co seguinte detalle:

Custe asociado	Responsable do traballo	Honorarios
Redacción de proxecto	Vilar Montoro Ingeniería, S.L.	452,99 €
Coordinación de seguridade e saúde	PROYEGAL	113,25 €
	SUMA	566,24 €
	11% Gastos de Xestión	62,29 €
	TOTAL (IVE excluído)	628,53 €

Terceiro.- O presente acordo notifíquese a Aqualia-FCC da forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(254).- PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS DE RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA MANUEL NÚÑEZ, ENTRE ECUADOR E MARÍA BERDIALES. EXPTE. 2709/440.

Visto o informe de fiscalización do 2.03.15, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Fomento, do 26.02.15, conformado polo asesor xurídico e o concelleiro delegado, ambos de dita Área, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local de data 21 de outubro de 2014, previo informe técnico do enxeñeiro municipal de data 13 de outubro de 2014 e orde de servizo do Sr. Concelleiro da Área de Fomento de data 14 de outubro, acordou encargar, á empresa concesionaria da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, a redacción do Proxecto para a "Renovación das redes de saneamento e abastecemento na Rúa Manuel Núñez, entre Ecuador e María Berdiales".

II.- En cumprimento de dito acordo en data 26 de febreiro de 2015, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento "AQUALIA-FCC" - no sucesivo a Concesionaria- presentou proxecto redactado polo enxeñeiro industrial da consultoría de enxeñería "ESINPRO, S.L.", D. Casimiro Fontenla Bugallo cun orzamento de 227.568,22 euros, IVE excluído.

III.- Coa mesma data, a Concesionaria presenta detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 9.552,14 euros, IVE excluído.

Fundamentos Xurídicos

Primeiro.- O acordo sobre prórroga da concesión administrativa da xestión integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento da Auga adoptado pola Xunta de Goberno Local en

sesión do 21 de novembro de 2011, contiña o compromiso da Concesionaria de levar a cabo un plan de investimentos valorado por anualidades. No mesmo se contemplaba que as actuacións derivadas do mesmo se concretarían nos proxectos técnicos que se consideren de urxencia e execución inaprazable, acordados pola Xunta de Goberno Local previo informe dos servizos técnicos municipais, co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento. Dentro dos investimentos a realizar na anualidade de 2014, encomendouse á Concesionaria a redacción do presente proxecto.

Para garantir un nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 8 de marzo de 2013, aprobou un protocolo de control das obras inherentes aos distintos plans de investimentos da concesión. Por isto, sen perxuízo de encomendar á Concesionaria a redacción do proxecto, prevé que o mesmo sexa aprobado pola Xunta de Goberno Local (a proposta da súa dirección técnica, que deberá contar co conforme do Concelleiro Delegado da Área de Fomento), que será tamén quen ordee á Concesionaria a inclusión da actuación no plan de investimentos e a tramitación do expediente de contratación.

Segundo.- O proxecto técnico constitúe un elemento esencial no contrato de obras en canto define o obxecto do mesmo. Neste caso o obxecto son as obras de renovación das redes de saneamento e abastecemento na Rúa Manuel Núñez, entre Ecuador e María Berdiales. O prazo estimado para a execución das obras é de 2 meses.

O artigo 123 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP) determina o contido obrigatorio dos proxectos. Ao respecto, consta no expediente informe favorable da oficina de supervisión de proxectos emitido polo enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, o 26 de febreiro de 2015, no que indica que a documentación do proxecto está completa, tendo en conta as disposicións xerais de carácter legal así como a normativa técnica de aplicación. Ao expediente debe incorporarse o replanteo do proxecto unha vez aprobado o mesmo.

Terceiro.- Respecto aos prezos das unidades de obra, a Xunta de Goberno Local en sesión do 22 de marzo de 2013 aprobou o cadro de prezos ao que quedan suxeitos a elaboración dos orzamentos que conformen os proxectos que se executen no plan de investimentos asociados á prórroga.

No informe técnico de supervisión do proxecto emitido polo referido enxeñeiro municipal en data 25 de febreiro de 2015 consta que os prezos unitarios incluídos no proxecto son adecuados para a execución do contrato, e se axustan ao referido cadro de prezos e tamén aos prezos xerais do mercado.

Cuarto.- Respecto aos custos asociados ao proxecto presentados pola Concesionaria, consta no expediente informe do enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, de data 25 de febreiro de 2015, indicando que as porcentaxes relativas aos honorarios dos traballos de redacción de proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde respecto do PEM do proxecto correspóndense cos ratios que utiliza a Área de Fomento aprobados pola Xunta de Goberno Local o 8 de marzo de 2013.

Quinto.- Previamente a someter o proxecto á Xunta de Goberno Local o mesmo debe ser remitido á Intervención municipal, en cumprimento do previsto no artigo 214 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o proxecto técnico – que inclúe memoria, proxecto e presuposto- para executa-las obras de **RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA RÚA MANUEL NÚÑEZ, ENTRE ECUADOR E MARÍA BERDIALES** por un importe total de 227.568,22 euros (IVE excluído), con cargo ao Plan de Investimentos recollido no acordo de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC.

Segundo.- Aprobar os custos asociados ao proxecto por importe de 9.552,14 euros con exclusión do IVE, de acordo co seguinte detalle:

Custe asociado	Responsable do traballo	Honorarios
Redacción de proxecto	ESINPRO, S.L.	3.824,68 €
Asistencia técnica á D.O.	ESINPRO, S.L.	3.824,68 €
Coordinación de seguridade e saúde	CSM	956,17 €
	SUMA	9.552,14 €
	11% Gastos de Xestión	1.050,74 €
	TOTAL (IVE excluído)	10.602,88 €

Terceiro.- O presente acordo notifíquese a Aqualia-FCC da forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(255).- RECOÑECEMENTO DAS MELLORAS DA PRÓRROGA DA CONCESIÓN DE AQUALIA CORRESPONDENTES ÁS ACTUACIÓNS EXECUTADAS ATA O 30 DE XUÑO DE 2014. EXPTE. 3061/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de fomento, do 26.02.15, conformado polo concelleiro da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urgente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na cláusula quinta do documento, establececese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo de levar a cabo a execución dunha serie de proxectos de mellora que se incorporan ao documento de aceptación de prórroga, sen cargo algún para o Concello de Vigo.

Con data 08 de agosto de 2013, a Xunta de Goberno Local, acordou recoñecer as melloras da prórroga da concesión de Aqualia efectuadas pola entidade concesionaria ata o 31 de marzo de 2013, con número de expediente 1986-440, por un importe de 371.063,96 €.

En data 22 de agosto de 2014, a empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de Auga "Aqualia" presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de recoñecemento das actuacións da prórroga da concesión de Aqualia, correspondentes ás actuacións de melloras, executadas ata o 30 de xuño de 2014.

INFORME:

As actuacións executadas e incluídas nas melloras da prórroga da concesión ata o 30 de xuño de 2014 son as seguintes:

ACTUACIÓN	Nº expediente
Ampliación do abastecemento á zona alta de Cabral e Candeán	2363/443
Terminación da rede de sumidoiros na rúa Areal	2088/443,
Renovación das chemineas dos grupos de emerxencia da EBAR de Montero Ríos	2303/443
Execución da rede separativa de fecais e pluviais na rúa Canceleiro, entre Areal e Rosalía	2403/443, 2051/440

Consta na documentación presentada para as actuacións indicadas anteriormente, a seguinte documentación:

- Táboa resumo dos datos básicos da actuación e datas relevantes.
- Documento fin de obra que recolle breve memoria da actuación, planos descriptivos, e fotografías.
- Certificación da Xunta de Goberno Local aprobando proxecto.
- Certificación da Xunta de Goberno Local autorizando a execución con cargo ás melloras da prórroga da concesión.
- Acta de comprobación de replanteo.
- Acta de recepción.
- Relación de unidades de obra executadas.

En data 29 de xaneiro, o Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castañón emite informe indicando que toda a documentación presentada corresponde cos traballos levados a cabo para cada unha das actuacións citadas anteriormente e se considera completa a efectos de tramitación do correspondente recoñecemento de inversión.

Dacordo co anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Recoñecer como "Melloras da prórroga da concesión de Aqualia, (período 2013-2014), con cargo ao concesionario e sin coste algún para o Concello de Vigo a cantidade de 748.681,64 €, correspondente as melloras executadas ata finais do ano 2012 co seguinte desglose:
 - Ampliación do abastecemento á zona alta de Cabral e Candeán por importe de 19.320,47 € (IVE excluído).

- *Terminación da rede de sumidoiros na rúa Areal por importe de 543.886,94 € (IVE excluído) e Costes Asociados ao proxecto de terminación da rede de alcantarillado da Rúa Areal por importe de 27.720,99 € (IVE excluído)*
- *Renovación das chemineas dos grupos de emerxencia da EBAR de Montero Ríos por importe de 58.238,10 € (IVE excluído).*
- *Execución da rede separativa de fecais e pluviais na rúa Canceleiro, entre Areal e Rosalía, por importe de 99.515,14 € (IVE excluído).*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(256).- RECOÑECEMENTO DA INVERSIÓN DAS OBRAS DA PRÓRROGA DA CONCESIÓN DE AQUALIA CORRESPONDENTES ÁS ACTUACIÓNS EXECUTADAS ATA O 30 DE XUÑO DE 2014. EXPTE. 3060/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de fomento, do 26.02.15, conformado polo concelleiro da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urxente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.

Na clausula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto d, indica que unha vez rematada a obra, someterase a aprobación da Xunta de Goberno Local a recepción da mesma, o que implicará o recoñecemento do investimento, a adscrición ao servizo público e a autorización para iniciar o procedemento de recuperación a través da tarifa do Servizo. Sinalase como imprescindible achegar á proposta de recoñecemento de investimento a seguinte documentación:

- *Certificado final de obra.*
- *Acta de recepción.*
- *Certificación acreditativa de terse efectuado a totalidade dos pagamentos inherentes ás obras.*

Con data 08 de agosto de 2013, a Xunta de Goberno Local, acordou recoñecer as inversións efectuadas pola entidade concesionaria ata o 31 de marzo de 2013, con número de expediente 1968-440, por un importe de 8.233.614,25 €.

En data 08 de agosto de 2014, a empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de Auga "Aqualia" presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de recoñecemento de inversión correspondente ao plan de investimentos da prórroga da concesión de Aqualia, con cargo á retribución do concesionario a cantidade de 1.346.730,57 €, correspondente ás inversións executadas ata o 30 de xuño de 2014.

INFORME:

As actuacións incluídas na solicitude de recoñecemento de inversión desde o 31 de marzo de 2013 ata o 30 de xuño de 2014 son as seguintes:

	ACTUACIÓN	INVERSIÓN (IVE excluído)	Nº expediente
a	Pago das actuacións para a Rehabilitación integral do casco histórico de Vigo e Bouzas executadas polo Concello de Vigo	327.160,00 €	1535/440
b	Obras de mellora da rede de saneamento no entronque entre as ruas Tomás Alonso e López Mora e os seus costes asociados	158.076,97 €	1856/440, 2127/443, 2302/443,
c	Obras de pavimentación do vial de acceso a presa de Eiras e os seus costes asociados	46.067,24 €	1863/440, 1951/440, 2350/443
d	Actuacións nas instalacións eléctricas de diversos bombeios da rede de saneamento e os seus costes asociados	61.029,72 €	1850/440, 1955/440, 2344/443
e	Pago da certificación nº 4 correspondente á adquisición de terreos para a execución da "Ampliación e modernización da EDAR do Lagares	422.735,65 €	
f	Obras de execución da rede separativa de fecais e pluviais na rúa Canceleiro, entre Arenal e Rosalia e os seus costes asociados	331.660,99 €	1846/440, 2050/440, 2340/443
TOTAL PENDENTE DE RECOÑECER		1.346.730,57 €	

Consta na documentación presentada para a actuación a) indicada anteriormente, a seguinte documentación:

- Requerimento de pago.
- Xustificación de pago.

Consta na documentación presentada para as actuacións b) c) d) f) indicadas anteriormente, a seguinte documentación:

- Táboa resumo dos datos básicos da actuación e datas relevantes.
- Documento fin de obra que recolle breve memoria da actuación, planos descriptivos, e fotografías.
- Certificación da Xunta de Goberno Local aprobando costes asociados e proxecto.

- Certificación da Xunta de Goberno Local autorizando a execución con cargo ao Plan de Inversións da Concesionaria.
- Acta de comprobación de replanteo.
- Acta de recepción.
- Certificación das obras.
- Facturas.
- Xustificación de pago.

Consta na documentación presentada para a actuación e) indicada anteriormente, a seguinte documentación:

- Factura.
- Xustificación de pago.

En data 29 de xaneiro, o Enxeñeiro Municipal D. Jerónimo Centrón Castaños emite informe indicando que toda a documentación presentada corresponde cos traballos levados a cabo para cada unha das actuacións citadas anteriormente e se considera completa a efectos de tramitación do correspondente recoñecemento de inversión.

Dacordo co anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Recoñecer como "Inversións da prórroga da concesión de Aqualia, (período 2013-2014), con cargo ao concesionario e sin coste algún para o Concello de Vigo a cantidade de 1.346.730,57 €, correspondente as melloras executadas ata o 30 de xuño de 2014 co seguinte desglose:

	ACTUACIÓN	INVERSIÓN (IVE excluído)
	<i>Pago das actuacións para a Rehabilitación integral do casco histórico de Vigo e Bouzas executadas polo Concello de Vigo</i>	327.160,00 €
	<i>Obras de mellora da rede de saneamento no entronque entre as ruas Tomás Alonso e López Mora e os seus costes asociados</i>	158.076,97 €
	<i>Obras de pavimentación do vial de acceso a presa de Eiras e os seus costes asociados</i>	46.067,24 €
	<i>Actuacións nas instalacións eléctricas de diversos bombeios da rede de saneamento e os seus costes asociados</i>	61.029,72 €
	<i>Pago da certificación nº 4 correspondente á adquisición de terreos para a execución da "Ampliación e modernización da EDAR do Lagares</i>	422.735,65 €
	<i>Obras de execución da rede separativa de fecais e pluviais na rúa Canceleiro, entre Arenal e Rosalía e os seus costes asociados</i>	331.660,99 €
	TOTAL PENDENTE DE RECOÑECER	1.346.730,57 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(257).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 51.692,46 € A FAVOR DE INTERPARKING HISPANIA S.A. POLOS SERVIZOS DE APOIO E XESTIÓN DO APARCAMENTO DO SUBSOLO DA PRAZA DE PORTUGAL- DECEMBRO DE 2014 E XANEIRO DE 2015. EXPTE. 535/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.02.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 26.02.15, conformado polo xefe da Área de fomento e o concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

En base ao disposto no Decreto de Delegación de competencias ditado pola Alcaldía na data 7 de febreiro de 2013, inclúense competencias en materia de aparcamentos públicos na Area de Fomento e en concreto no servizo de transportes, polo que remítense a este servizo as facturas presentadas por Interparking Hispania SA polos servizos de apoio a xestión do aparcamento sito no subsolo da praza de Portugal. Ditas facturas así como o expediente que orixina as mesmas, con anterioridade eran xestionadas na Area de mobilidade, transportes e seguridade .

ANTECEDENTES : Consultados os antecedentes obrantes nos servizos municipais comprobouse o seguinte :

Ante a finalización da concesión para a xestión do parking sito no subsolo da Praza de Portugal o 4 de maio de 2011, o Pleno do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 21 de marzo de 2011 (exp. nº 79773/210), acordou aprobar a xestión directa pola propia entidade local como forma de xestión provisional do servizo público ata tanto non se rematase a tramitación do expediente administrativo nº 78889/210 e se adjudicase a xestión do servizo a un novo concesionario xestionándose deste xeito o servizo por xestión indirecta.

Con data 04 de maio de 2011, o Concelleiro Delegado de Mobilidade asinou un contrato menor de servizos a prol de "INTERPARKING HISPANIA, S.A". En virtude deste contrato (Exp. nº 80201/210/2011), cunha duración de catro meses máximo, dita entidade mercantil prestaría o servizo consistente na realización de actuacións de apoio ao funcionamento ordinario do aparcamento sito na Praza de Portugal . O destinatario das prestacións neste contrato era a propia Administración Municipal, sendo esta quen debía retribuír mensualmente ao contratista polos servizos prestados, con cargo á partida orzamentaria 1330 2270605 por un importe mensual de 5.309,70 € (iva engadido) Asemade, a cláusula 3ª do contrato menor de servizos establecía que "INTERPARKING HISPANIA, S.A" asumiría provisionalmente o pagamento dos gastos de funcionamento do aparcamento (ex. auga, luz ...), xirando inmediatamente dita facturación ao Concello para o seu reembolso. Dito contrato menor, que finalizou o 04 de setembro de 2011, asinábase ao amparo do establecido no art. 10 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

En data 04 de setembro de 2011, o Sr. Concelleiro Delegado de Mobilidade asina una Instrución autorizando á mercantil "INTERPARKING HISPANIA, S.A" a continuar prestando o servizo nas mesmas condicións que o viña realizando anteriormente, e manifesta que ditos servizos retribuíríanse a través dunha indemnización substitutiva ao abeiro do previsto na base 28ª das de execución do orzamento municipal. Asemade, consta Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012 autorizando á mercantil a continuar

prestando os servizos nas mesmas condicións que o ven realizando ata tanto non se adxudique o servizo público referido.

O expediente de adxudicación da xestión do parking estaba pendente dun informe da Xunta Consultiva de Contratación solicitado na data 7 de maio de 2013 non obstante ante o transcurso do prazo razoable para a emisión do mesmo, iniciouse un novo expediente para a adxudicación da xestión do servizo público con número 429/449 en trámite na actualidade, polo que INTERPARKING HISPANIA, S.A" ven achegando mensualmente a facturación polos servizos que está a prestar sen cobertura contractual. De non tramitar esta facturación, con arreglo á base 28ª das de execución do orzamento mediante indemnización substitutiva, produciríase un enriquecemento inxusto para esta Administración, posto que "INTERPARKING HISPANIA, S.A" ven prestando os servizos en base á Orde de Servizo impartida polo Concelleiro Delegado en data 04.03.2012.

A FACTURACION e a seguinte :

DECEMBRO 2014

Concepto	Nº factura	Importe	Data entrada	Nº Documento
Funcionamento Ordinario Parking	FX 1014000431	5.445,00 €	16/02/15	150019190
Refacturación gastos mantemento/xestión parking	FX 1014000476	21.100,28 €	16/02/15	150019208

Con data 20 DE XANEIRO DE 2015 , doc. nº 150006435, Doña Virginia Pascual Rodríguez actuando en representación de "Interparking Hispania, S.A", presenta escrito no rexistro xeral do Concello de Vigo no que, entre outros aspectos, declara como ingresos do aparcamento relativos ao mes de DECEMBRO un total 61.179,45 € (ive engadido) e solicita no devandito documento que se teña por compensada a cantidade de 26.545,28 € (funcionamento ordinario parking DECEMBRO 2014: 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking DECEMBRO 2014 : 21.100,28 €).

Realízanse axustes por importe de -5.860,42 € que se explican no documento de data 20 DE XANEIRO DE 2015 que se adxunta o expediente polo que a cantidade que ingresan e 28.717,89 en vez dos 34.578,32 € que procedería ingresar (doc. 150006435 nº 3) Segundo consta na certificación asinada polo Tesoureiro Municipal, "Inteparking Hispania S.A", con NIF A60526928 fixo efectivo, mediante transferencia bancaria, o seguinte ingreso en concepto de "recadación aparcamento Praza de Portugal :

MES	IMPORTE	DATA DE INGRESO
DECEMBRO	28.717,89 €	16 DE XANEIRO DE 2015

XANEIRO 2015

Concepto	Nº factura	Importe	Data entrada	Nº Documento
----------	------------	---------	--------------	--------------

Funcionamento Ordinario Parking	FE 5015000002	5.445,00 €	16/02/15	150019210
Refacturación gastos mantemento/xestión parking	FE 5015000001	19.702,18 €	16/02/15	150019209

Con data 13 DE FEBREIRO DE 2015 , doc. nº 150018375, Doña Virginia Pascual Rodríguez actuando en representación de "Interparking Hispania, S.A", presenta escrito no rexistro xeral do Concello de Vigo no que, entre outros aspectos, declara como ingresos do aparcamento relativos ao mes de XANEIRO 2015 un total 48.873,33 € (ive engadido) e solicita no devandito documento que se teña por compensada a cantidade de 25.147,18 € (funcionamento ordinario parking XANEIRO 2015: 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking XANEIRO 2015 : 19.702,18 €).

Realízanse axustes por importe de -15.268,42 € que se explican no documento de data 13 DE FEBREIRO DE 2015 que se adxunta o expediente polo que a cantidade que ingresan e 8.513,59 € en vez dos 23.782,01 € que procedería ingresar (doc. 150006435 nº 3)

Segundo consta na certificación asinada polo Tesoureiro Municipal, "Inteparking Hispania S.A", con NIF A60526928 fixo efectivo, mediante transferencia bancaria, o seguinte ingreso en concepto de "recadación aparcamento Praza de Portugal :

MES	IMPORTE	DATA DE INGRESO
XANEIRO	8.513,59 €	12 DE FEBREIRO DE 2015

A variación do importe do funcionamento ordinario do parking do prezo que figura no contrato menor de servizos (5.309,70 €) ata (5.445 €) e debido a variación do IVE no mes de setembro de 2012 .

As facturas presentadas foron conformadas pola Xefatura da Área de Fomento e a Xefatura do servizo de transportes . Considerase que unha vez finalice o servizo deberá efectuarse a regularización da totalidade da facturación .

Con relación ás solicitudes presentadas pola empresa Interparking Hispania S.A relativas a aplicación da compensación debe considerarse o informe emitido polo Tesoureiro Municipal en data 20/03/2012 con relación á solicitude presentada pola empresa o 13/03/2012 (doc. Nº 120028854), compensación que se ven efectuando dende a data :

O Tesoureiro informa que "para que proceda o instituto da compensación, resulta necesaria a concorrencia dun requisito ineludible, como é que a persoa ou entidade debedora sexa ó mesmo tempo acreedora por créditos recoñecidos por acto administrativo ó seu favor. Informa o Tesoureiro Municipal que non existe crédito recoñecido algún a favor da entidade debedora que se atope pendente de aboamento (fases "O" de recoñecemento da obriga ou "P" de ordenación do pagamento), polo que procedería a denegación da compensación presentada."

Non obstante, o Tesoureiro informa que: "(...) non podemos olvidar que, como recorda o Tribunal Económico Administrativo Central ... non parece lóxico, nin acorde cos principios constitucionais de eficacia e os legais de eficiencia e servizo aos cidadáns, denegar unha solicitude de compensación para a que se daban todos os requisitos legais ou, senón se daban, era por un retraso imputable á propia Administración que, en tal caso, debería resolver o procedente sobre o crédito e,

acto seguido, sobre a compensación instada. Como consecuencia do exposto con anterioridade, pode resultar procedente a concesión da compensación dun crédito que no momento da solicitude non se atopa recoñecido por non existir un acto administrativo expreso de recoñecemento, como podería ser o caso que nos ocupa. Esta posibilidade aparece máis clara dende a entrada en vigor da nova Lei Xeral Tributaria na que se recoñece o carácter meramente declarativo do acordo de compensación, de forma que a extinción do crédito producirase no intre no que se cumpran os requisitos para débeda e crédito. Pola súa beira, os artigos 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 11 do Real Decreto 500/1990 consagran o principio do presuposto bruto dispoñendo a prohibición de atender obrigas de pago, mediante minoración dos dereitos a liquidar ou xa ingresados, polo que deberán aplicarse os dereitos e as obrigas aos orzamentos do Concello de Vigo polo seu importe íntegro (...)

O Tesoureiro Municipal conclúe no devandito informe manifestando que “ (...) debe procederse a tramitar ou rexeitar as facturas presentadas pola mercantil INTERPARKING HISPANIA S.A, isto é, resolver a procedencia ou non do crédito derivado das facturas presentadas pola citada entidade que se atopan pendentes de tramitación polo servizo xestor correspondente, pois parece lóxico ... que previamente á resolución da solicitude de compensación deba resolverse o procedente sobre o crédito (...)

Tendo en conta todo o ata aquí exposto, considerase que ao abeiro do previsto na Base 28ª das de execución do orzamento municipal , e coa finalidade de evitar un enriquecemento inxusto para a Administración municipal por haberse efectuado a favor de esta os servizos consignados na facturación achegada , procede aprobar a indemnización substitutiva a favor de INTERPARKING HISPANIA S.A polos servizos prestados de apoio a xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola empresa DURANTE O MES DE DECEMBRO DE 2014 por un importe total de 26.545,28 e DURANTE O MES DE XANEIRO DE 2015 por un importe total de 25.147,18 € con cargo a partida 1330.2279907 (prestación de servizos parking praza de Portugal) .

Polo exposto, sométese a aprobación da Xunta de Goberno Local, previa fiscalización favorable do Interventor Xeral, a seguinte PROPOSTA.

Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigación a favor de “INTERPARKING HISPANIA, S.A”, con CIF 60526928-A, polos servizos prestados de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola citade entidade mercantil, con cargo á partida 1330.2279907 (Prestación de servizos aparcamento Praza de Portugal), que se pagarán sen saída real de fondos, en formalización, polo importe total de 51.692,46 € (ive engadido) correspondente a :

DECEMBRO 2014 : importe 26.545,28 € (funcionamento ordinario parking 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking: 21.100,28 €)

XANEIRO 2015 : importe 25.147,18 € (funcionamento ordinario parking 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking: 19.702,18 €)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

25(258).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA AS OBRAS DE “MELLORAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO PARQUE DA FEIRA”. EXPTE. 7957/446.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5.03.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, do 4.03.15, conformado polo concelleiro-delegado de Parques e Xardíns, que di o seguinte:

*Obra: “MELLORAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO PARQUE DA FEIRA (CABRAL)”.
Expte. 7676/446*

Localidade e situación: Feira (Cabral)

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO.

Autor/a do proxecto: D. LUIS VILAR MONTORO (VILAR MONTORO INGENIERÍA, SL.).

Dirección facultativa: DNA. MARÍA FERREIRO NÚÑEZ

Contratista titular do plan: REFORVIGO, SL.

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. LUIS VILAR MONTORO (VILAR MONTORO INGENIERÍA, SL.).

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: JOSÉ SOLIÑO COMESAÑA

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: OSCAR PEREIRO TAIBO

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

-Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro, do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro e do Real Decreto 337/2010, de 19 de marzo.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizos de

Prevención e o plan de xestión de residuos reúne as condicións requiridas polo R.D. 105/2008, para propoer a súa aceptación.

En consecuencia ao anteriormente indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Aprobar o plan de Seguridade e Saúde da obra "MELLORAS DAS INSTALACIÓN DEPORTIVAS DO PARQUE DA FEIRA (CABRAL)".

Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria REFORVIGO S. L., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(259).- PROXECTO DE CONVENIO COA ENTIDADE FPR OLIVO EN BASE AO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2014/2015. EXPTE. 13883/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinads as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.02.15, o informe de fiscalizaicón do 4.03.15, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 16.02.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e a concelleira de Economía, Facenda e Contratación, que di o seguinte:

Atendendo á instrucción de data 04/02/2015 remitida polo Concelleiro de Deportes, dase inicio á tramitación do expediente de subvención a favor da entidade FPR Olivo polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2014/2015.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xenera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadanas.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva FPR Olivo conta cun equipo de élite na modalidade de Fútbol na categoría 2ª División Nacional de Fútbol Feminino. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xá que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría 2ª División Nacional de Fútbol Feminino hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2014/2015, que impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade FPR Olivo e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinergias no ámbito social, do cal destacamos:

- O interés xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.*
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade hacia os valores do deporte.*
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.*

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de élite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuir a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- Consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.*
- Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o "Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade

veciñal.” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal proponse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade FPR Olivo para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Esta subvención ten un claro carácter de interes público e social, e ademais a subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2015, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade FPR Olivo durante a tempada deportiva 2014/2015, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva.

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobación do texto do convenio que rexerá entre a Concellería de Deportes do Concello de Vigo e a entidade deportiva FPR Olivo para a subvención do proxecto xeral de actividade da entidade, que conta cun equipo na categoría 2ª División Nacional de Fútbol Feminino na tempada deportiva 2014/2015 e desenvolve un programa de promoción do deporte de base na cidade.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 23.000,00€. a favor da entidade FPR Olivo co CIF: G-36704666 e enderezo social na rúa Otero Pedrayo, 5, en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13883/333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.13 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE FPR OLIVO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2014/2015 (EXPTE. 13883/333).

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil quince.

REUNIDOS

Dunha parte, o Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez.

Doutra, don Camilo Pais Martínez como presidente da entidade FPR Olivo CIF nº G-36704666 e enderezo social na rúa Otero Pedraio, 5, en Vigo e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 13883/333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-Que a entidade FPR Olivo conta cun equipo de élite que participa na categoría 2ª División Nacional de Fútbol Feminino desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte. A entidade FPR Olivo desenvolve o proxecto do equipo de élite durante a tempada 2014/2015. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da cantera deportiva da cidade. Ademáis, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade FPR Olivo impulsa e estimula a participación dos e das máis xóvenes no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do Fútbol en etas de formación, contribuíndo ademáis a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*

- *Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.*
- *A consecución dun consenso social e institucional para salvaguardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.*

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.489.00.13 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 23.000,,00€, a favor da entidade deportiva FPR Olivo.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto xeral da entidade FPR Olivo na tempada deportiva 2014/2015.

VI.- Que a entidade FPR Olivo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 13883/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade FPR Olivo o Concello de Vigo e a dita entidade deportiva, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade FPR Olivo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- *Programa Municipal de escolas deportivas.*
- *Xornadas de formación.*
- *Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.*
- *Actividades dirixidas a poboacións especiais: Maiores, discapacitados...*
- *...*

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de élite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de Fútbol na tempada 2014/2015.

3º.-Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de élite.

4º.-Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.-Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de élite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe da Concellería de deportes-Concello de Vigo:

- A imaxe da Concellería de Deportes-Concello de Vigo deberá estar presente tanto nas equipacións de xogo como nas de paseo, e o seu formato e ubicación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional da Concellería de Deportes, ubicadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo.

6º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

7º.-Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade FPR Olivo na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade FPR Olivo (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade FPR Olivo unha subvención por importe de 23.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.13 mediante transferencia bancaria á Conta Corrente facilitada pola entidade e previa fiscalización da intervención do Concello de Vigo, do orzamento en vigor, co obxecto de coadxuvar á financiación das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2014/2015.

Para o procedemento de xustificación e pago desta modificación, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concurrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2014/2015, coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata tres meses da finalización da tempada deportiva, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

– As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

– Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autonomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2014/2015. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademáis, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo ata os tres meses posteriores á finalización da competición oficial da tempada 2014/2015, co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.-A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2015.

27(260).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DA “GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2015” ORGANIZADA POLO FARO DE VIGO. EXPTE. 12572/101.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico e de fiscalización de datas 4 e 5 de marzo de 2015, respectivamente, dáse conta do informe-proposta do 04 de marzo de 2015, do técnico de Admon. Xeral e xefe de Protocolo da Alcaldía, conformado polo alcalde-presidente e pola concelleira-delegada de Facenda, que di o seguinte:

“1.- ANTECEDENTES:

En base as consideracións que se conteñen na memoria xustificativa, de data 25 de febreiro que consta no presente expediente sobre a necesidade para o expediente de contratación do patrocinio publicitario para coa entidade Faro de Vigo S.A.U., para o desenvolvemento do proxecto da “GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SUA COMARCA 2015”, con data 25 de febreiro, por resolución do Alcalde, de acordo co artigo 109 do TRLCSP, autorízase o inicio das actuacións conducentes o desenvolvemento do citado contrato de patrocinio publicitario.

No presente expediente consta:

- *Memoria xustificativa do contrato de data 25 de febreiro de 2015 asinada polo Xefe de Protocolo e RR.PP*
- *Prego de Prescricións técnicas particulares de data 25 de febreiro de 2015 asinada polo Xefe da Unidade Técnica*

- *Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 04 de marzo de 2015*
- *Informe xurídico favorable da Titular de Asesoría Xurídica de data 04 de marzo de 2015*

En cumprimento do art. 22 do TRLCSP, os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrirse mediante o presente contrato, así como da idoneidade do obxecto e contido, son os definidos no informe de necesidade, así como no do informe proposta que contén a memoria xustificativa do contido do contrato que constan no presente expediente.

De conformidade cos artigos 25.1 e 25.2.I. da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades para promocionar e difundir os valores sociais e culturais implícitos na acción do deporte.

Na redacción do prego de cláusulas administrativas particulares, destácanse os seguintes aspectos:

- *O presente expediente cualifícase de contrato de patrocinio publicitario de acordo co contemplado no artigo 22 da vixente Lei Xeral de Publicidade, e o mesmo considérase como un contrato privado, xa que o mesmo non ten cabida en ningún dos contratos recollidos no artigo 5 e seguintes do TRLCSP. Como contrato privado réxese, de acordo co previsto no apartado segundo do artigo 20 do TRLCSP “en canto á súa preparación e adxudicación”, en defecto de normas específicas, pola presente Lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante.*
- *O obxecto deste contrato e a contratación do patrocinio publicitario da organización da “Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa Comarca 2015”, proxecto organizado polo “Faro de Vigo”.*
- *As contraprestacións vinculadas o retorno indirecto da publicidade obxecto deste contrato, atópanse indicadas no contido do PPTP.*
- *O prezo do contrato que servirá como base da negociación é dun total de 60.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 10.413,23 euros.*
- *O gasto terá unha imputación a aplicación orzamentaria 912.0.227.99.05 (Programas Alcaldía) do vixente orzamento prorrogado para o ano 2015.*
- *O contrato adxudicarase aplicando o procedemento negociado sen publicidade, consonte o disposto no artigo 170.d) do TRLCSP, por canto a prestación susceptible de acadar as finalidades que o contrato persigue, soa mente pode ser contratada por un empresario determinado, neste caso a mercantil Faro de Vigo, SAU como organizador exclusivo da Gala.*

2.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

- *Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.*
- *Lei 34/1988, de 11 de novembro, Xeneral de Publicidade (en diante LGP), modificada por Lei 29/2009, de 30 de decembro.*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.*
- *Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.*
- *Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

3.- PROPOSTA:

Previamente a sometelo á aprobación da Xunta de Goberno do Concello de Vigo como órgano de contratación, procede a emisión do informe de fiscalización favorable, a Intervención Xeral (artigo 109.3 da LCSP).

Por último, a competencia para a aprobación do expediente, a autorización do gasto e a apertura do procedemento licitatorio, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación, de conformidade co disposto no apartado sétimo da disposición adicional segunda do TRLCSP.

Por isto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- 1º.- *Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte o disposto no artigo 170.d) TRLCSP, para o contrato de patrocinio publicitario da GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SUA COMARCA 2015, a mercantil Faro de Vigo, SAU como organizador exclusivo da Gala.*
- 2º.- *Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado polo Director Deportivo, con data de 25 febreiro de 2015*
- 3º.- *Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 04 de marzo de 2015.”*
- 4º.- *Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 60.000,00 euros (ive incluído), sendo o importe do ive a cantidade de 10.413,23 euros*
 - *O gasto imputarase a aplicación orzamentaria 912.0.227.99.05 (Programas Alcaldía)*
 - *O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo 88 TRLCSP, é de (49.586,78 €).*
- 5º.- *Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.*

6º.- *Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 320.1 do TRLCSP.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(261).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Mª Jesús Lago Rey.